


CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XVIII)



*Cartas de Ramón Cabanillas
a Isidoro Millán
en modo de antífona*

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XVIII)

Cartas de Ramón Cabanillas
a Isidoro Millán
en modo de antífona

Edición, introducción e notas de
Luis Cochón

Colaboración de
Élida Abal Santorum

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luis Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Anxo M. Lorenzo Suárez

Coordinador científico:

Manuel González González

Director Técnico de Literatura:

Anxo Tarrío Varela

© dos textos herdeiros de Isidoro Millán G.-Pardo

© das ilustracións: Virxilio

Maquetación e impresión:

Grafisant sl (Santiago de Compostela)

ISBN:

978-84-453-4999-1

Depósito legal:

C 1664-2011

ÍNDICE

Limiar , por Francisco Fernández Rei.....	7
A lúa no adro , por Isidoro Millán González-Pardo.....	13
I. Introducción	15
II. Cartas de Ramón Cabanillas a Isidoro Millán e outros documentos	29
III. Apéndice: (Correspondencia adxacente: R. Cabanillas, Fernández del Riego, Isidoro Millán, Ramón Piñeiro, X. Filgueira Valverde, Xosé Núñez Búa, etc.)	87
IV. Epílogos: E1 – En torno al “Seminarium...”	135
E2 – Para la empresa de un gran diccionario gallego	140
E3 – Repetición del texto	144
V. Índice onomástico	147

Limiar

Ramón Cabanillas, que se gababa de non ter biografía e que con certa retranca dixo no final da vida “eu fixen poesías como poidera ter feito canastas”, emigrou a Cuba en 1910 para fuxir da persecución a que o someteron no seu Cambados natal por republicano e, sobre todo, por anticaciquil. A publicación en La Habana de No desterro (1913) e, sobre todo, a de Vento mareiro (1915), cunha estética moderna e universal que constituía un “aggiornamento” da linguaxe poética galega, supuxo unha sensación de alivio e de esperanza para a elite do incipiente nacionalismo, despois da escasa calidade literaria dos epígonos das tres coroas do Rexurdimento. Cabanillas era o “poeta arelado” para A. Villar Ponte; era “o poeta necesario”, en definición de Ramiro Fonte.

O cambadés representou a estética “oficial” do nacionalismo galego entre 1915 e 1930 con tres libros fundamentais e de forte impacto: o citado Vento mareiro; Da terra asoballada (1917), obra de denuncia e combate; e Na noite estrelecida (1926), tres sagas na procura do Grial proxectado como mito galego e universal, como punto de encontro dos países célticos e expresión do sentimento común a Portugal, coa saudade como nexo. O ano das sagas publicou O Mariscal, en coautoría con A. Villar Ponte, obra mestra da dramaturxia galega; e en 1927, A rosa de cen follas. Breviario dun amor, obra da que Carballo Calero diría que nela o autor se descobre “como un poeta romántico, dunha estremada delicadeza no sentimento e dunha depurada sinxeleza formal”.

En setembro de 1930, Cabanillas participou na xuntanza da que saíu o manifesto coñecido como “Compromiso de Barrantes” que reflectía as inquietudes e arelas políticas do poeta ás portas da proclamación da II República; porén, na xeira republicana estivo lonxe fisicamente da Terra e emocionalmente afastado da causa galeguista, como analizou Luís Rei na excelente monografía Ramón Cabanillas. Crónica de saudades e desterros. O golpe de xullo do 36 cólleo en Madrid, e no outono dese ano xa figura entre os intelectuais que o goberno republicano desloca a Valencia, onde se reencontra co seu vello amigo Castela, un dos “irmáns” dos que estivera voluntariamente afastado por diferenzas políticas nos anos da República.

En xuño de 1937 volve a Galicia, para axiña comezar unha particular peregrinaxe como secretario interino polos concellos de Meis, Silleda, Dozón, Moaña... sempre con denuncias polo seu pasado galeguista. A década de 1940 foi unha época dura e triste para os republicanos e galeguistas que non se exiliaran, unha época na que Cabanillas ía e viña á vila natal e vivía a “tráxica falta de luz” e a “anguria doente” da que lle falaba a Otero Pedrayo nunha carta desde Cambados en 1946. O poeta tan arelado polo galeguismo de entre séculos, o poeta necesario e imprescindible, o poeta a quen en 1917 A. Villar Ponte saudara como “Poeta da Raza”, ese poeta, no “inverno” do franquismo sentía ridículo tal título. Con todo, ata o final da vida mantivo un inequívoco compromiso coa lingua galega e con Galicia, tras embarcarse plenamente na loita sociocultural do galeguismo de posguerra.

En 1949 edita o seu primeiro libro despois da guerra, Camiños no tempo, co que se inaugura o proxecto editorial Bibliófilos Gallegos, e onde, agás algún inédito, recolle toda a poesía narrativa xa publicada. En 1951 coa Antifona da cantiga de Cabanillas inaugúrase a Editorial Galaxia, símbolo da resistencia cultural galeguista nos anos 50 e 60. O libro é unha ampla colección de cantigas populares galegas cunha longa introdución en marabillosa prosa poética e a xeito de epílogo figuran comentarios filolóxicos de Isidoro Millán González-Pardo. En 1955 edita Versos de alleas terras e tempos idos, co explicativo subtítulo “Paráfrasis galegas”, un conxunto de textos de diferentes épocas onde recrea poemas de autores grecolatinos e de diversas linguas modernas, sobre todo alemáns e ingleses. E en 1958 publica Samos, un dos poemarios descritivos de maior calidade da literatura galega, que escribira nos seus retiros nese mosteiro bieito. O poeta galego seguramente máis louvado en vida, símbolo do movemento agrarista e das Irmandades da Fala, do galeguismo de combate de anteguerra e do culturalismo de posguerra tivo a súa coroación poética en Padrón, o 8 de abril de 1958. Non era amigo de homenaxes, pero prestouse a esa anacrónica coroación porque sabía que era unha excelente oportunidade para defender a cultura galega, á que entregara o mellor da súa vida, e seguía a facelo cando estaba xa moi enfermo.

As 29 cartas de Cabanillas a Isidoro Millán que agora publica Luís Cochón, con abundantes notas explicativas sobre persoas e obras citadas nas cartas, á parte dunha constante manifestación de afecto a un mozo lingüista, constitúen un excelente documento sobre a xeira final do Cabanillas novamente entregado á causa do galeguismo. O poeta escribelle a un mozo dunha fami-

lia coa que ten relación desde sempre, porque Isidoro é neto de Ramona Fraga Padín, da familia cambadesa dos Fraga que desde a infancia foi protectora de Cabanillas; e polo que contou Isidoro, foi a súa avoa quen propuxo o nome de Ramón para o neno Ramón Enríquez cando se bautizou (anos despois levará o apelido Cabanillas do seu pai biolóxico), e andando o tempo o poeta apadriñaría un irmán de Isidoro a quen chamaron Ramón.

Por outra parte, o pai do mozo Isidoro, o pontevedrés Isidoro Millán Mariño, foi amigo do poeta des que veu mocear a Cambados e foi, tamén, un dos promotores da homenaxe en 1927 en Vigo para celebrar o nomeamento de Cabanillas como membro da RAE en representación das letras galegas, xunto con Cotarelo Valledor, e foi neses momentos un dos asinantes das cartas ás deputacións galegas para que lle desen unha pensión vitalicia. E cando o 3 de xuño de 1960 se inaugurou o monumento ó poeta na Calzada de Cambados, Isidoro Millán (pai) interveu no acto en representación das Comisións Organizadora e Executiva da Homenaxe.

A correspondencia a Isidoro Millán (fillo) complementábase cun apéndice que contén un bo quión de cartas tamén de Cabanillas a outras persoas en diferentes momentos da súa vida e doutros autores ó poeta ou a Isidoro, xunto cun epílogo no que este reflexiona sobre a necesidade de crear un Seminario para investigar a lingua galega e sobre a redacción dun Gran Dicionario Galego, unha das grandes preocupacións de Cabanillas a xulgar por cartas desde 1955 a varios galeguistas e ó propio Isidoro, a quen consideraba peza chave na redacción desa obra tan necesaria para o futuro da lingua galega, un futuro sobre o que Cabanillas era optimista, como o era na forza da xente nova: “Parece que hay en la juventud gallega un movimiento de acercamiento a los problemas culturales de la Tierra que creo será, en gran parte obra de Otero y Piñeiro y que considero muy necesario si hemos de salir de las garras del desdichado Aparicio que tanto daño nos hace. (...) No tenemos la fuerza de los catalanes que hacen lo que les da la gana sin preocuparse de prohibiciones, pero nuestra hora llegará” (Baracaldo 26-04-57).

Nestas cartas de Cabanillas fanse referencias ó proceso de creación das súas obras de posguerra (“Terminé lo de la copla: 77 cuartillas. No estoy descontento. Añadí bastante: una evocación de la ría y una visión de Rosalía en el campo castellano”, Samos 07-10-48) e á colaboración de Isidoro Millán nos comentarios da Antifona e no asesoramento das paráfrases grecolatinas das Musas alleas, que logo Sánchez Cantón titulou Versos de alleas terras e tempos

idos (“llevaré a Cambados para tu supervisión, los fragmentos de Ovidio y Marcial y alguna otra cosilla: cada día me gusta más el latín y cada día lo alcanzo menos pero, a pesar de ello me metí con Estacio”, Samos 31-08-51). Ademais, anima ó mozo lingüista a versificar: “Tus glosas están muy bien, muy bien: aún se te escapa alguna palabra por la escasa costumbre de escribir en gallego, como el ‘miños’ del octosílabo ‘Amor dos amores miños’, en que quisiste decir ‘meus’. Debes continuar: nadie hizo eso desde Rosalía y tiene un gran interés literario desenvolver el cantar” (Samos 16-09-48).

Fálase de obras que só foron proxectos, como unha vida de Xesús e unha escolma lírica que publicaría Galaxia; e en moitas das cartas está presente a preocupación, máis ben obsesión, de Cabanillas por ver publicada en vida a obra completa: “En realidad, todo ello me tiene sin cuidado porque yo ya estoy acabado y no espero que mi obra completa se publique en mis días” (Madrid 25-11-49); “Parece que en Buenos Aires comenzó la impresión de mi obra: no tengo gran confianza en que llegue a remate” (Baracaldo 13-12-55); “Todas las noticiáis coinciden en asegurar que mi obra estará editada a fines de año, lo que deseo vivamente, porque sobre ella podría hacer adiciones y correcciones que seguramente necesitará” (Baracaldo 21-10-57)...

A Obra completa editaríase en Buenos Aires pouco despois da morte de Cabanillas cunha nota previa onde se di que a demora se debeu “á intolerancia dos que impediron que houbese aparecido no decurso do pasado ano de 1958, na terra natal, como se tiña proieitado”. Francisco Fernández del Riego foi o colector desa magna obra, que contén a poesía, o teatro e os traballos en prosa do escritor cambadés. Ábrese cunhas notas de Ricardo Carballo Calero sobre a obra de Cabanillas e fêchase cun estudo de Aquilino Iglesia Alvariño sobre a lingua e o estilo do poeta e dramaturgo. Xesús Alonso Montero faría unha nova edición en tres tomos, con inéditos e moi diversas cartas (Obra completa, Akal, 1979-81); e recentemente Xosé María Dobarro e Xosé Ramón Pena editaron a Poesía galega completa (Xerais, 2009).

As cartas privadas e moi persoais a Isidoro Millán (fillo) permiten ir vendo a decadencia física de Cabanillas, a quen, con todo, o optimismo da vontade mantiña en pé: “El frío es muy intenso; y esto no es vejez sino decrepitud; estoy muy delicado de la vista y durante quince días no me han permitido leer ni escribir, y, así mis 17 horas de cama las paso durmiendo, en duermela y recordando la vida pasada, bastante activa y bastante inútil: no obstante tengo unas reservas de optimismo que no dejan paso a la tristeza” (Baracaldo 10-02-

56). É moi consciente de que a candea da súa vida se vai apagando, polo que quere vir morrer á terra: “He mejorado de la vista porque estuve tres semanas a rigurosa dieta de lectura, pero estoy cada día más sordo. Soy un hombre agotado. El verano me recuperará un poco y espero que nos veamos en Cambados porque ya me llama un poco Galicia, temiendo morirme sin volver a abrazar a los descendientes y a los viejos amigos” (Baracaldo 07-03-56).

En diversas cartas vese o Cabanillas retranqueiro, como na que lle conta a Isidoro Millán (pai) o éxito do acto da súa entrada na RAE e dille que o público asaltou o estrado “y tuve que aguantar un buen golpe de abrazos: afortunadamente abundaban las señoras”; e antes da recepción atopou a Ramón del Valle Inclán “que me abrazó, a medias claro está, y me contó cosas estupendas” (Madrid 28-05-29). A Isidoro (fillo) di que lle diga a seu pai que non cre na modestia nin na santidade de Xelmírez “y sospecho que estuvo liado con Doña Urraca: él era joven y hombre más de belleza que de báculo, y ella... corramos una tupida manta zamorana” (Samos 04-08-50). E noutra carta compara con certa retranca a súa situación física coas ruínas da igrexa de Santa Mariña, emblemático monumento cambadés do que quedan en pé as paredes e os arcos do teito, sen o tellado: “Estoy agrietado como los muros de nuestra iglesia de Santa María, pero ciertas hiedras espirituales todavía me sostienen en pie” (Baracaldo 08-11-55).

Non teño conciencia de terme cruzado co Cabanillas velliño que decidiu pasar na vila natal o final da súa vida, tal como lle conta a Isidoro na derradeira das cartas que edita Cochón: “Estuvo aquí mi hijo Manolo y decidí irme a Cambados, porque parece que a los de mi familia y a todos mis amigos gallegos no les agrada mi continuada estancia en esta tierra: (...) saldré directamente para casa de Ramonita, en donde espero nos veremos en Navidad, para charlar de tantas y tantas cosas” (Baracaldo 21-10-57). Anos antes manifestáralle a Isidoro pouco interese pola súa vila (“Yo no sé que será de mi vida. A Cambados creo que tardaré en ir porque realmente es el sitio que tengo menos que hacer y que menos me interesa”, Madrid 25-11-49), desinterese pola vila amada na que parecía non sentirse moi a gusto (“Estos días tomo café con José González y con él paso la mayor parte del día, porque en Cambados, sin exageración, no hay donde pasar un rato agradable y estoy perezoso que ni leo ni escribo. Este es un pueblo que se está cayendo a pedazos”, Cambados 02-11-51).

Á parte do innegable valor das cartas para o estudoso da vida e obra dun dos grandes clásicos da literatura do século XX, para min teñen un aquel

especial porque en certos momentos a súa lectura transportoume ó Fefiñáns da miña infancia por sérenme coñecidas moi diversas persoas e familias de que se fala na correspondencia, como o seu grande amigo o avogado José González, a quen tantas veces vin diante da súa casa na praza do Mercado (a turística praza de Fefiñáns); Paco Magariños (“Dime si ya está en la calle Paco Magariños, supongo que si”, Samos 06-10-49), republicano represaliado, que eu vía entrar e saír da casa da praza das Rodas (daquela praza de Asorey) cando de mocinho ía á escola da súa irmá Ángeles no baixo da casa; o seu irmán Antonio Magariños (“Tucho” nas cartas), mestre de curmáns meus nas escolas de rapaces do antigo Convento; os Padíns, unha rama deles eran os médicos da nosa familia; os Fraga, particularmente as irmás que levaban a farmacia de Fefiñáns a onde tantas veces acudín; os Fole, membros da curia xudicial que vivían cerca da casa onde nacín e me criei; Ruco (Francisco) Millán, que en Fefiñáns vivía nun pazo da rúa do Príncipe, que miraba á praciña da Leña onde alguén da casa aparcaaba un coche en forma de ovo, que só abría por adiante, e que tanto me chamaba a atención cando era neno... Anos despois, en Santiago, coincidín no curso de Preuniversitario con dous fillos de Ruco Millán (os Millán Mon) que coñecía de telos visto por Cambados (cun deles xa coincidira en 6º de Bacharelato), e en Compostela tiven ocasión de saudar e falar en diversas ocasións (sempre en galego) con Isidoro Millán González-Pardo.

Francisco Fernández Rei

(Vicesecretario da
Real Academia Galega)

A lía no adro

*... sen folga nin compás, e as primeiras armas nos periódicos, máis tarde, o choque co ambiente, que é, primeiro, carraxe alporizada de patriota diante das inxustizas que, dende o seu posto, pode albiscar no horizonte rural ou vilego de Galicia, feudo dos **galos negros**; que é tamén persoal anguria de quen sostén, con poucos ingresos, os apremios do seu fogar; que é, máis que nada, a nativa rebeldía loitadora dunha águia de azas longas e potentes, que estaba a se bater, entalada na mezcquindade da gaiola, escontra dos ferros opresores, burocráticos ou sociais.*

E deste choque coa contorna, arelando outros ceos e outros voos que lle aseguren a liberdade, libertadora, para volver aos seus, Cabanillas emigra a América. Mais, ao se lanzar ao desterro, soupo alquitarar, como é sempre a fonda intuición dun poeta, no drama da súa vida, o drama do seu país e do seu pobo, criador de fillos altivos e soñadores, como el o era, que, ao saber, dignos e acalcañados, cando non caían na inerte resignación, facíanse tamén coma el rebeldes e emigrantes.

E foi aquela a hora do seu canto: o tempo en que, exercitado o estro e labrado o espírito polas mágoas da vida, estaba xa pronto a recoller a lira de outro, e de ferro, que nas visporas da súa chegada á Habana, caíraselle das mans a Curros moribundo.

Do seu amor a Galicia, qué cousa se pode dicir que os seus versos non teñan dito máis rotundamente? Amouna e ensoñouna afervoadamente: na súa historia, nas súas terras, nos costumes, na lingua, nas pedras, nos homes, nos Santos, a Galicia enteira e verdadeira, agro de labranzas presentes, esperanza de colleitas vindeiras, pero tamén herdo dos séculos que, ao longo e ao fondo da Historia, a fixeron. Os berros de loita da musa xuvenil ou os fostregazos violentos da “Fouce esquecida” ou de

“Lume no pazo”, endexamais envolveron desleixo ou desamor para a máis pequena das parcelas valiosas da tradición galega.

A religiosidade de Cabanillas tingúíase de franciscanismo, de hábito e de corazón, que referendou pola vontade de baixar á tumba, como Pondal, cinguido do saial e do cordón do mínimo Francisco.

Isidoro Millán González-Pardo

(Dunha sesión académica pronunciada
no Colexio de Pasantes, arcebispo
Juan de Sanclemente, c. 1970)



I. Introducción

I. Introducción

Máis dunha vez lle teño oído dicir a Álvaro Cunqueiro que a el lle gustaría, entre outras cousas, contar a saga d’*Os Buddenbrook*, de ter folgo; a historia dunha familia como a súa propia, mudando o que teña que ser mudado, porque o Mondoñedo natal distaba un algo da Lübeck báltica de Thomas Mann, por moito que as hanseáticas Ribadeo ou Viveiro, no mesmo partido xudicial de Mondoñedo, e do mesmo bispado –tamén Ferrol, borbónico e racionalista–, ou Foz –“onde morre o meu Masma”–; ou mesmo o Cambados do seu pai que viñera de boticario prodixioso, e herborista, instalar a súa oficina de farmacia no baixo do mesmo palacio episcopal mindoniense; de alí procedía don Xaquín Cunqueiro, *Das Tres Vilas* (Cambados, San Tomé e Fefiñáns, tres nunha). Ou se cadra a Pontevedra, xa daquela “viúva do mar”, *A boa vila*, puideran ser parte do imperio talasocrático da burguesía europea tan poderosa, que funde os seus alicerces na alta Idade Media. Sen a Hansa, Europa vén ser outra cousa: tamén as vellas familias se desfán. Tamén os Buddenbrook, cónsules e comerciantes, mesmo protestantes.

Cabe pensar que Cunqueiro fora un viaxeiro dunha soa viaxe –tal o seu *Ulises*, mozo– a volta ó mundo en oitenta días que xa fora inventado e feito, mais non a volta ó día en oitenta mundos. Deste tipo de viaxeiros son Cunqueiro e Cortázar, tan escritores e tan imaxinativos e tan vangardistas na súa hora.

Temo atoparme, sen querelo, na plasmación deste relato, con xeracións e “semblanzas” desta historia de familias, desde a máis longa tradición cambadesa, con ese aquel, ou aire de familia, emparentada, cos que todos foron algo, como que se portiñan, uns e outros, sempre curmáns; tanto que a proxenie viña de media ducia de apelidos, mesturados e recorrentes e endogámicos. Teño eu visto as erudicións do mozo Isidoro Millán González-Pardo, en Fefiñáns. Nalgunha investigación admirable, xa maior, nunha achega non fácil, sobre os devanceiros da nai cambadesa, e pai pontevedrés, os Millán González-Pardo, que ostentan hoxe con humildade e ningunha soberbia o condado de Quirós, eles e os seus descendentes, traído pola con-

tumacia e sabedoría de don Isidoro, que argumentou, defendeu e fixo vir a lume a mercé que gañou –por máis valer– por man do Rei de España, que en xustiza correspondía a antepasados seus, pola rama materna.

É, a partir da figura de Isidoro Millán, o reinstaurador, por rehabilitador, como nos debemos situar, *herba aquí e acolá*, no seu lugar, de forma que todos eran uns. “¿Qué hay de líos familiares? El tema siempre es agradable. Aunque, como dice Ramón [Cabanillas], entre Padines nunca pasa nada”. (Carta de Francisco José Millán González-Pardo a su hermano Isidoro: Samos, septiembre, 1948).

Asistimos ao tránsito de catro ou cinco xeracións, se non son máis (acabo de coñecer a un Millán Rodríguez, licenciado en Filoloxía Clásica como o seu tío avó), verdadeiras dinastías –*per quindecim annos*–, cada promoción, que con efectos colaterais que aquí testificamos, cobren case máis dun século de vida de varias familias de familias (de máis a menos, de menos a máis), onde todos seguimos a ser os mesmos. Case todos coñecemos a todos; unha historia, mesmo cotiá e provincial, pequena, local, que cada vez máis é a lenda da comunidade, a vera historia, a verdadeira, a familiar.

Díxonos Álvaro, a Xaime Valle-Inclán¹ –que se trataban de primos, que o eran– a Antonio Odriozola² e a min mesmo –que parece que estaba por estar–, un pouco antes de que a diálise nolo levara de nós, por estar con eles naquela alta tarde de verán, na casa viguesa de marqués de Valadares, podo contar a imaxinación cunqueirá entre a talasocracia hanseática e aquela outra **Taberna de Galiana*, novela que tiña en mente, tan pregoada polo autor, da que quedou pouco máis que unha folla escasa, como en tantos outros proxectos literarios do de Mondoñedo, que quixera escribir –e adoitaba repetir– o relato espléndido d’*Os Buddenbrook*, que tanto leu e tanto lle gustou na primeira mocidade. Quedou, pois, a **Taberna* de Álvaro como un episodio incompleto, inconcluso, da bibliografía fantástica de Cunqueiro, tal tamén **Ceniza en la manga de un viejo*, como outros.

1 **Xaime Valle-Inclán Blanco**. O segundo fillo varón de seu pai.

2 **Antonio Odriozola Pietas** (Victoria, 1911 – Pontevedra, 1987). Arquiteiro da Misión Biolóxica de Galicia, patrón do Museo de Pontevedra, presidente de Bibliófilos Galegos, micólogo, musicólogo, bibliófilo, investigador de libros litúrxicos en todas as dioceses de España. Autoridade universal en incunables.

Cando volvín revisar cartas e documentos, de primeira man, con algunhas pezas admirables e inencontrables, tiven a sensación polo mesmo de volver –vivir é ver volver– ás miñas lecturas de adolescente.

Como foi posible axuntar a todos eles, parentes, Valle, dona Emilia, Cabanillas, os Camba, Castelao, Cunqueiro, este elenco maior, “aqueles condes loucos de Arousa”, Gómez Charriño ou o señor de Rianxo (Martelo Paumán, marqués del Nero), o que lle aprendeu ó neno Castelao, *reciën* vido da Arxentina, que falar galego non era falar mal, era falar diferente, aquel señor que sentaba o seu cabalo á súa mesa, como se fose o cabalo-senador de Calígula. Ou aquel cambadés marqués de Montesacro, admirable, do que tamén se fala aquí.

Fomos reunindo ás mesmas persoas en distintas paisaxes: Cuba, México, Bos Aires, Filipinas –os flocos do Imperio–, Cambados, Pontevedra, O Salnés –as trinta e tres campás de tódalas parroquias que don Ramón del Valle sabía distinguir polo timbre, e polos toques–, Compostela, incluído o primeiro Valle-Inclán, don Francisco, de armas tomar, que retirado na súa casa, mantiña as diferenzas co abade da súa freguesía de Sobrán, no Salnés, impertinencias tercas que se recollen no testamento, catro veces cambiado, até que o propio arcebispo quixo mediar –por medio dunha carta *in manu sua*– que lle fixo chegar por un familiar da curia para que don Francisco, o Valle-Inclán primeiro, se avise a algunha concesión para non desairar ao párroco: “*Non possumus*” contestou o altivo bibliotecario de Sanclemente de Pasantes: “*Non possumus*” como última palabra, sen ter máis que dicir.

Comparecen así mesmo escenarios que foron: Samos, Madrid, Valencia, a guerra dunha banda a outra, Betanzos, Compostela, Baracaldo, e os mínimos empregos case ilegais de secretario interino de concellos de terceira categoría, rexidos por amigos de seu, cativos emolumentos que apenas han servir como “prebenda” –como se ten dito– que o franquismo lle deu, por virse da outra banda. Pasouse no verán (xullo ou agosto) do 1937. Saíu por Port-Bou e entrou por Hendaya, con Eugenio Montes que o esperaba na fronteira. O propio Cabanillas confésase a si e a Isidoro: “el régimen me mira con recelo”.

O corpo do Epistolario transcorre desde o verán do 1948 até outubro do 57, algo máis de dez anos, cáseque os últimos do poeta. Os primeiros catro (48, 49, 50, 51) compoñen o período samonense, o **Meu convento* (ou **N'Abadía*) onde Cabanillas residiu (fóra de viaxes a Lugo, a Madrid ou a Cambados) de contado; lugar que parecía escolleito para que a morte o atopase (son moitas as referencias a ese final presentido: “no es improbable, que, si es posible, termine allí mis días”).

Samos será o poemario derradeiro do autor, piadoso, expiatorio, onde o poeta semella recorrer as catorce estacións do seu propio Vía Crucis, en catorce poemas. Alguén pensou que o penitente ía profesar no convento beneditino. Falando de *Camións no tempo*: “creo que el público lo tomará como un Libro de Misa, dada la fama que aún conservo de revolucionario y que es tan inexacta como la de místico que empiezan a colgarme”. Faltan aínda dez anos para o pasamento que tivo de certo outra disposición, sen máis observancia relixiosa que a de Terciario Franciscano, asumida moito tempo atrás. Parecen premonitorias as palabras: “mucho me temo que me zarandeen después de muerto y no es cosa de que lo hagan en vivo”.

O presente volume contén ademais, como Apéndices que veñen moi ao caso, XXIX cartas que revalidan ou avalan e consideran (*cum siderare*) con outros ollos e noutras situacións as pequenas historias que teñen cabida na escrita. Os Apéndices anchean e alongan esta familia de familias que don Xosé Filgueira sempre predicou da súa Pontevedra daquela. Presentan novas, sucedidos, asuntos, medos, persoas, aire de sospeita, amigos nosos que foron, hoxe xa sombras benqueridas, convocadas pola asemblea do vento na carballeira de antano.

Cousas que espallan e sumen as xenealoxías e as biografías, por veces insospeitadas, que ennobelan ese sarillo profuso, onde cada quen, onde todos se porteñen en máis ou en menos. Podemos asistir aos últimos de Filipinas ou a aquela Cuba que era a *miniña dos ollos de España*. Reliquias do Desastre. Colonias e coloniais. Ante iso as leas de familia de dona Emilia Pardo Bazán son faragullas: “entre los Padines...”.

Non menos interese –noutra orde de cousas– teñen os Epílogos, concibidos e redactados por Isidoro Millán, E1- en torno ao “*Seminarium linguae Gallaeciae investigandae*”, especie de decálogo, até agora inencontrable que hoxe reproducimos. “En primeiro termo pra che dicir –fala Ramón Piñeiro– que os informes e plans de orgaización do estudo filolóxico

da lingua galega que tí fixeras e, que nós [o grupo de “Galaxia”] enviamos a América acompañados de outros informes persuasorios, comencan xa a dar froito. Non soio os tomaron en consideración senón que pensan seriamente en levalos adiante. Hai, naturalmente, dificultás de tipo práctico que non dependen da vontade d-iles. Con todo, temos razóns pra crer que é cuestión de tempo o resolvelas. Pol-o de pronto xa desñaron unha persoa d-eiquí que se faga cárrego, como depositario, de todo o material científico que se acade. O desñado é Paco del Riego, que está moi ben elixido, pois ademáis de ser sumamente escrupuloso tamén é sumamente dilixente.” (Carta dende Santiago a Millán do 13-11-1952)

Informes e plans son estes Epílogos, na protohistoria da nosa filoloxía científica, escritos van aló sesenta anos, como tamén o E2- “Para la empresa de un gran diccionario gallego”, asimesmo inédito. Se os traemos aquí con ese “modo antigo”, vistos dende hoxe é soamente para situar cada cousa no seu sitio –maior ou menor– e asemade as persoas que cismaron nestes problemas tan imperiosos para a lingua de nós.

Cando xa temos ao noso dispor unha biografía ben apañada de *Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades* (mágoa que a obra se vise desprovista, se cadra pola envergadura da edición, do aparello crítico e erudito que debería acompañala e de por parte deixar o camiño máis expedito para novas investigacións) que estaba a ser de toda necesidade para mellor coñecer as circunstancias, avatares, recordos e esperanzas, situacións, traballos, iso que chamamos vida: “hai moitas vidas” dicía o Orestes cunqueirán. Tantas como persoas, e algunhas merecen ser completadas. Eis o recordo para o benemérito Luís Rei, autor desa vida, a de Cabanillas, da que nos deu noticia bastante.

A propósito de Isidoro Millán González-Pardo (1922- 2002), destinatario primeiro da inmensa maioría das misivas deste Epistolario, a persoa que está no envés, na outra parte, senón instigador de tantas delas, como admirador e amigo, tradutor e conselleiro. Quen sería conde de Quirós, o meu vello mestre, dende a Pontevedra dos dous, foi sempre un sabio no sentido ilustre, sabedor (*savant*) de tantas sabedorías que a mín me fixo chegar, cómplices os dous, en galego. Con aquela complicidade que arranca do ano

1959, puido aclararme sen equívocos: “Eu son persoa de orde, conservador e liberal pero non da **situación**: nunca estarei coa Ditadura”, tenme dito. “Teño outras lexitimidades que me afastan *ex toto diámetro*, do réxime”. Foi a primeira persoa de orde, antifranquista, que coñecín na boa vila, fóra da miña casa.

Humanista, como era no Renacemento, aquel *uomo universale*, lingüista, de moitas linguas antigas e modernas, investigador de ampla pannonia, historiador, arqueólogo e “inda máis”, como dicía a *Carta de Cristus* de don Xoán Manuel Pintos, escritor do que máis soubo Isidoro Millán, sabedoría esta que até Filgueira (que é moito dicir) lle recoñecía a primacía. Noutros lugares destaquei a importancia de Millán, autor de centos de traballos que foi capaz, con angustia, de reunir nun dilatadísimo *Curriculum e Addenda ad prius curriculum*. [Para máis saber confróntense o meu “Exergo” no *Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971)* e a “Introdución” a *Don Gaíferos de Mormaltán, X duque de Aquitania*, a primeira nos Cadernos Ramón Piñeiro (XIII), Xunta de Galicia, 2009; a segunda en Follas Novas, Santiago de Compostela, 2009. Unha achega máis: “Isidoro Millán, oito anos despois” en *Galicia Hoxe*, 16-12-2010].

Hase saber que esta correspondencia tan saborosa e albiscadora de ocorrencias, conxecturas ou medias palabras, por dicir algo, pertence ó xénero das epístolas familiares, *inter nos*, do ámbito privado, por moito que para nosoutros sexan fonte de coñecemento noticioso, e poder situar e contextualizar a vida e a obra de tan grande creador como Cabanillas ten sido. Tennes que apesarar que este intercambio entre homes tan sobranceiros non fose escrito en galego de seu, que aparece esporádico. Na transcripción atvémonos ao literal, tal cal, sen transixir na “tradución” ó estándar, manifestamente mellorable que algunha vez nos tentou; pero non. Se cadra algún desleixo na puntuación, nunca na ortografía, ben ou mal. As notas son soamente informativas para unha mellor intelección do texto e da trama. Agás pequenos segredos ou misterios que non soubemos descifrar, se cadra, para ben da literatura. Que sería dela sen segredo, misterio e fantasía.

Aínda dentro do mínimo universo, escenario de traballos e días, de mulleres e homes, algúns vivos, a maioría non, que aquí comparecen

como persoeiros, nada do que din ou do que se di deles, nada, tivo que ser sometido a expurgo, como era de supoñer entre xente educada sen que nos falte a ironía, os sobreentendidos e un algo de rexouba, se vén á man.

Postas así as cousas non é de labor debullar os días e as horas no mosteiro de Samos: “porque no tengo que hacer... no tengo tiempo para nada”. “La vida aquí, y es su mayor encanto, es ante todo puntualidad”. “Vivo en absoluta ignorancia de lo que pasa en el mundo: paz, sí; pero a costa de silencio completo, no sólo verbal sino escrito”. “Ayer corregí la última página de mi libro” (*Camiños no tempo*). “También di la última mano al ensayito sobre la Copla, que quedó pasable, al menos en algunos trozos” (Introducción a *Antífona da Cantiga*). “Un poco por matar el tiempo y otro poco por apremios del Abad me metí en el berengenal (*sic*) de versificar unos cuantos aspectos de la vida monástica y del monasterio” (*Samos*). “Creo que este invierno –[de 1949]– le tocará el turno a nuestro Ovidio” (*Versos de alleas terras e de tempos idos*). “Porque yo ya estoy acabado y no espero que mi obra completa se publique en mis días”.

Son as horas conventuais, *ora et labora*, nas que asistía a coro, agás a *maitines*. Pero xa no 51 (“se asienta en Madrid una relativa fijeza que él acostumbraba –explica Sánchez Cantón– tanto que concurre a 39 sesiones académicas y en 1952 no falta a ninguna”). Seguimos o relato de Sánchez Cantón na súa “Oración necrológica ante el pleno de la Real Academia Española”. “Pero sigamos el relato de la sencilla biografía del que fue nuestro ilustre compañero. Precisamente su llegada a esta Casa hubo de ser el máximo, y más grato para él, de los episodios de su vida pública. En 1926, y con ocasión que luego comentaré, se promovió su candidatura para la Academia Española. Toda Galicia, fervorosamente, la apoyaba; más en Madrid no faltaron manejos discordantes, y el Sr. Marqués de Figueroa, su esforzado padrino a la sazón, requirió firmas, la más modesta la mía, para, contrapesándolos, desvanecer la cortina de humo que se pretendió interponer entre la figura del poeta y esta Casa. Fue elegido el 10 de marzo de 1927.

La recepción académica* se celebró el 26 de mayo de 1929; la contestó el Marqués de Figueroa. La asiduidad de Cabanillas, aunque no tenía obligación de residir en Madrid, no fue deficiente, puesto que asistió a 527 sesiones, número que se acerca a la mitad de las tenidas por la Corporación en el tiempo que ostentó la medalla. Solía ser constante en primavera; la crudeza invernal hacía le desear, humorísticamente, que la Academia se trasladase a su Cambados”.

“La muerte de Cabanillas –segue a falar Sánchez Cantón– viene a cerrar el período abierto por el Real Decreto de 26 de noviembre de 1926, que aumentó a cuarenta y dos la cifra de sus numerarios, “ocho de los cuales” –preceptuaba– deberán haberse distinguido notablemente en el conocimiento o cultivo de las lenguas españolas distintas de la castellana”, y que serían elegidos –sin exigir que fuesen vecinos de la Corte y pudiendo pertenecer al sexo femenino– “dos para el idioma catalán, dos para el gallego y dos para el vascuence”. Fueron elegidos respectivamente, los Sres. Rubió y Lluch, d’Ors, P. Fullana, Riber, Cotarelo Valledor, Cabanillas, Urquijo y Azcue.

La innovación, cual todas las intentadas en estas centenarias instituciones, no se consideró certera. Reconocido el mérito de quienes fueron designados y la colaboración que los más prestaron a las tareas académicas, hubo de aprovecharse el cambio de Gobierno para obtener el Real decreto de 15 de mayo de 1930, refrendado por D. Elías Tormo, que derogó el de año y medio antes, respetándose los derechos plenos de los ocho elegidos, de los cuales no todos habían tomado posesión.

Queda, pues, desde hoy, restablecida la plantilla de las tres docenas de numerarios que fijó el Real Decreto de 14 de mayo de 1847, acordado por el tercer Gobierno de Narváez.

* O discurso de Cabanillas: “Un somero recuerdo de la vida y obra de Eduardo Pondal”. Estivemos a consultar se o caso de Cabanillas, académico de número na Real Academia Galega e da Real Academia Española, e caso caso único, até onde puidemos saber. Cotarelo Valledor, que ingresou canda Cabanillas na española, non o fixo na galega, na que fora elixido, pero sen chegar nunca a tomar posesión, *conditio sine qua non*.

La academia recordará siempre a los que como los Sres. Cotarelo, d'Ors, P. Fullana, Riber y Cabanillas trabajaron con eficacia, y lamentará que los Sres. Rubió, Urquijo y Azcue, doctísimos en sus especialidades, no pudieran más que en contadas ocasiones participar en las juntas semanales”³.

Traemos agora testemuño* de Ramón Millán González-Pardo:

“El curso 47-48 mi hermano Ruco y yo nos alojamos en el hotel Veracruz (calle Victoria, esquina a San Jerónimo), más que hotel pasable, pensión con pretensiones. Allí estaban ya Ramón y su hijo José, secretario nacional de Cooperativas del Campo. Los cuatro compartimos la misma mesa donde comíamos y cenábamos juntos. Ruco preparaba abogacía del Estado y yo iniciaba la carrera de Derecho en San Bernardo. [...] Me había facilitado un pase para la R.A.E., un verdadero privilegio que me permitió a lo largo de aquel curso saborear muy interesantes recepciones de nuevos académicos y sesiones solemnes. Al regreso de ellas o de las clases vespertinas en la Facultad me detenía en la habitación del padrino, un cuarto interior por donde pasaban los tubos de la calefacción (era muy friolero) y me preguntaba y a la vez me leía y recomendaba la última carta de Ramón desde México. En una ocasión escribía a su sobrino Pío tras su segunda retirada en las oposiciones a Registros y Notariado: “Con tanta retirada te vas a hacer más célebre que Jenofonte” prodigándole seguidamente cariñosos consejos. Con Pío, mi hermano Ruco, Urbano Díaz Bedia (hijo de don Ramón Díaz Ponte, un gran notario y un gran señor) los tres opositores, compartiría los veranos en Samos. [...]

3 A R.A.E. tivo os seus máis e os seus menos co Directorio primorriverista no caso destes académicos *regionales*, decisión política que non lle gustou á Academia, celosa de si e de que o poder viñese interferir en asuntos que a docta Corporación tiña por seus. De aí que se producise outro Real Decreto, na “Dictablanda”, que non afectou –antes respectou– aos individuos elixidos, pero si a outras disposicións regulamentarias que a Academia quería poñer no seu sitio. Os novos académicos que, dende logo, tiveron sillón, nunca aparecen referidos a unha letra determinada (maíuscula ou minúscula) como é de costume.

* Que contén, fragmentadas, as dúas cartas que tiveron como destinatario a X. L. Cochón Touriño.

Acudía todos los jueves a la Academia donde trabajaba elaborando las fichas de las nuevas palabras y acepciones para el próximo diccionario de la R.A.E., Percibían los académicos 500 pts por cada asistencia, lo que para Ramón suponía su principal ingreso. Es sabido que su obra poética le reportó muy exiguos y esporádicos beneficios económicos. Don Armando Cotarelo, secretario perpetuo de la R.A.E.* como lo había sido su padre Don Emilio, le tenía en gran estima. Su hija Armindita, acogedora y simpática, nos encontró un día en la calle a mi primo Fernando Botana y a mí, mi primo era hijo de un pariente lejano de los Cotarelo con el que llevaban una excelente relación, Bernardo Botana Gómez, prestigioso abogado en Cambados. Armindita nos invitó a comer el domingo siguiente. En aquella comida Don Armando, que también conocía a mi padre, nos dijo que las fichas de Ramón eran impecables y él, el académico que tenía mayor número de asistencias.

Era muy sensible a las estaciones, le deprimía la llegada del otoño con el anuncio del invierno y se animaba ya en la primavera haciendo proyectos para el verano*, parte en Baracaldo con su hija Luisa, excelente cocinera, dechado de simpatía y esplendidez (con lo poco que tenía), casada con Marcos Camaño, practicante; vivían en una modesta casa compartiendo cocina con otro matrimonio. Desde allí se acercaba a Santurce a tomar las sardinas.

Ramón nació pobre y murió pobre, su cingulo de Terciario de San Francisco fue la aceptada cruz de su pobreza. A su padre, hombre inteligente, lo tomó como escribiente mi bisabuelo, don Eugenio Fraga Mascato (compañero de carrera y gran amigo de Don Eugenio Montero Ríos) abogado, Alcalde de Cambados y Presidente de la Diputación Provincial (donde le colocaría) y le facilitó una modesta casita donde nacería Ramón al que

* Cotarelo Valledor non foi Secretario Perpetuo da R. A. Española; o pai, si. O único cargo que ocupou na Casa foi o de censor. O equívoco de Ramón Millán é que Cotarelo foi Secretario General Perpetuo do Instituto de España, dende a súa fundación en Salamanca, 01-01-38, para que esta nova corporación englobase as outras oito Academias Nacionais que existían en Madrid. Hase saber que o primeiro presidente foi Manuel de Falla, que non tomou posesión, e o segundo, o bispo de Madrid, Leopoldo Eijo-Garay. Novo sometemento ao Poder do que podería haber de bo nas actividades académicas, con este Instituto de España, nacido por lei de Guerra.

* “Os figos da figueira de Cacabelos”.

apadrinarían sus hijos Eugenio (también abogado y Pdte. de la Diputación) y Ramona, mi abuela. [...]

Que yo sepa apenas gozó de dos breves períodos de holgura económica: la de Mondariz bajo la protección de Enrique Peinador al frente de “La Temporada” y otro al final de la Dictadura (y principios de la República); vivía entonces en una excelente pensión en la calle Mayor con su gran amigo el arquitecto Palacios. Las subvenciones, en principio vitalicias, de las Diputaciones de Orense y Pontevedra, mientras duraron, facilitaron aquella expansión.

Los dos últimos años de su vida en casa de su hija Ramona le vimos avanzar aceleradamente su ancianidad y decrepitud; se resistía a salir y pasear. En su coronación en Padrón, a la que opuso grandes resistencias, le acompañamos, entre otros muchos, con mi padre y Don Manuel Sanjurjo, que sentía auténtica devoción por él, Victoriano Taibo, Asorey, Enrique Vidal... No hubo forma de que se enjaretara la corona! [...]

Ramón evocará en unos versos preciosos “a escola do convento”, propiedad de un hermano de mi bisabuelo, José Fraga Mascato. En febrero del 29 me apadrina a mí, segundo lazo de parentesco espiritual con los Fraga, parentesco que se fortalecería con el parentesco de sangre al casar el año 31 a su hija Aurora con Carmelo Vidal Fraga, hijo de Doña Encarnación Fraga Padín, hija y hermana de sus protectores. La vinculación con los Fraga está más que demostrada. A partir del año 48 mantuvo una relación progresiva, plena de afecto y mutuamente enriquecedora con mi hermano Isidoro. [...]

Cómo vivió Ramón esta relación, siempre compleja, protector-protegido? Tema a dilucidar por la Psicología profunda (“de internis non curat praetor”). No me atrevo a decir que no hubiese ciertos indicios de posible ingratitud al motejar como caciques a Alcaldes y foreiros (era sabido que mi bisabuelo y tíos fueron alcaldes y propietarios de foros). Sin duda este pensamiento a Ramón, antítesis de un hombre frívolo, le había hecho reflexionar a lo largo de su vida.

Ramón no hizo testamento, no dejó nada porque no tenía nada que dejar, según él, ni siquiera tuvo la precaución de conservar las cartas, papeles, documentos... un archivo de gran valor para Galicia y para su memoria. Una prueba más de su humildad, de que no se daba importancia;

la única pieza interesante, la medalla de R.A.E., la había destinado tiempo antes a su ahijado Ramón Millán González-Pardo”.

Téñense que dicir das axudas inestimables que fomos recibindo para que esta obra viñera a lévedo: primeiro a dona Rosina Otero Abalo, actual condesa, depositaria celmosa e teimosa do arquivo do conde de Quirós; segundo, entre tantas persoas das familias e alleas a elas que levamos consultado, merece especial mención Ramón María Ignacio Millán González-Pardo, afillado de Cabanillas e destinatario *in pectore*⁴ da súa medalla que ostentou na Real Academia Española. Ramón María Ignacio escribiu para min dúas longas, especiosas cartas autógrafas, testemuño emocionante para quen foi, eu mesmo, o último dos seus amigos. Do seu esforzo e a alegría melancólica para que este Epistolario apareza agora constelado de tantas notas saídas da súa man –que redactaba a sabor– por cariño ó seu irmán e ó seu padriño, estando Ramón María, nas que el sabía últimas, “puesto ya el pie en el estribo”.

Por iso, e co respecto a todos, séxame permitido que esta introdución vaia adicada *in memoriam* a RAMÓN MARÍA IGNACIO MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO.

Luis Cochón

4 A medalla académica é vitalicia, pero ha ser devolta á Casa cando falece o individuo de número que a ostentou. (Pasa o mesmo co “Toisón de oro”). Sucede, por contra, que a medalla de Cabanillas está no Museo de Pontevedra, depositada alí o 16 de decembro do 1959, cando xa a Academia dedicara unha sesión solemne necrolóxica ao poeta, cun discurso de don Francisco Javier Sánchez Cantón, que en parte publicamos nestas páxinas. Sabedor Sánchez Cantón que Cabanillas era o último sobrevivente do complexo episodio dos *académicos regionales*, neste caso da Sección Gallega, co número 2, que coa morte de don Ramón dáse por extinguido aquel *cupo*, e que aquela medalla non volvería ser outorgada, pediuna para o museo, se non foi o mesmo Filgueira Valverde, director, quen fixo a xestión.

**II. Cartas de Ramón Cabanillas a Isidoro
Millán e outros documentos**

II. Cartas de Ramón Cabanillas a Isidoro Millán e outros documentos

1

(sen data)⁵

ABADÍA BENEDICTINA
SAMOS (LUGO)
[cabeceira]

Querido Isidorito:

Dos líneas porque como no tengo que hacer... no tengo tiempo para nada. Aquí me expliqué la universalidad de la leyenda del monje y el pajarito, que también aquí está incorporada a los tiempos de la fundación. 300 años en Samos no significa nada como tiempo.

Te escribiré con calma. La biblioteca es espléndida(*sic*), la comunidad simpatiquísima, el Abad⁶ un prodigio de actividad, de campechanía, de amabilidad: hizo nuevo a Samos.

No olvides decir a Villamil⁷ que tienes el “Marcial”⁸.

5 Ten que ser das primeiras cartas que lle escribe a Millán.

6 Dom **Mauro Gómez Pereira**

7 **Enrique Fernández-Villamil Alegre** (1904 – 1968). Cremos que se refire a el porque estaba vinculado a Pontevedra, aínda que na altura estaría destinado en Madrid.

8 [Sobre o encontro de Cabanillas co poeta Marcial (e con Isidoro Millán) hai tempo que exhumei unha carta do tradutor a Otero Pedrayo na que lemos. “Das traducións de que falas, verás: o probe Crecente Vega falárame en Madrid, pouco antes de que Dios o levara, de verter ó galego a Catulo e Marcial: coído que non se atopou nada feito. Eiquí, en Cambados, falando con Isidoriño Millán, un rapaz que sabe moito de latín e de grego, deprendido dos xesuitas, escomenzou a traducir o derradeiro, e eu, como por xogo, fun pondo algúns epigramas en verso galego: si temos tempo e saúde faremos unha selecta. Algunha outra cousa tenzoaremos, mais inda é cedo pra falar delo” (18-8-1948), en carta de Cabanillas a Alonso Montero. En carta de Cabanillas a Alonso Montero, cfr. *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, A Coruña: 2003: “Isidoro Millán: Letras Clásicas, Letras Galegas”, de Xesús Alonso Montero.]

Di en mi casa que estoy muy bien y que escribiré.

Ah! Hazme un favor: recoge mis cartas, si las hay, ábreelas y mándamelas bajo un sobre o, si lo prefieres, tacha el Cambados y dirígelas a “Monasterio de Samos (Lugo)”.

Te abraza tu buen amigo

Ramón

Claro que le haré una poesía a Samos!

(A carta continúa coa letra de Francisco José M. G.-P.)

Querido Isidoro:

Ahí va esa carta que Ramón escribió a Fernández del Riego. Me decía que copiaras un par de párrafos que te habían de interesar, pero, como supongo que te interesará en su totalidad sacrificué una horita y ahí la tienes.

Ramón está encantado en estos parajes. Yo también, aunque estos días, por su venida y la del Nuncio⁹ –hoy duerme en el convento– y otros jerarcas ando un poco revuelto, con la natural merma del estudio.

Te agradezco que me escribas. No sé nada de Pontevedra porque, como sabes, Chelito¹⁰ está en Teanes¹¹. No sé nada del mundo porque aquí no llega un periódico (a Ramón esto último le entusiasma) . Pero en cambio me dijeron que nuestro Conde de Barcelona había llegado a un acuerdo con Adam Smith. Explícame eso ¿Qué se dice? ¿Como estará el Barbas¹²!

Estoy muy desalentado para las próximas oposiciones. No veo la posibilidad. Pero estudio con ganas presumiendo que este trabajo no me hará mal. Aunque yo creo que, a la larga, embrutece.

¿Qué hay de líos familiares? El tema siempre es agradable. Aunque, como dice Ramón, entre los Padines nunca pasa nada.

9 **Gaetano Cicognani**. Foi o Nuncio apostólico entre 1938 e 1953, se é que veu.

10 **Consuelo Mon Munáiz**, noiva de Ruco.

11 Teáns, en Santa María de Oleiros, Salvaterra de Miño.

12 Referencia a **Alejandro Mon**.

No dejes de decirme también como andan patatas, fincas, caseros, obras, cosechas, etc. y nada más. Mañana o pasado escribiré a casa. Recibe un fuerte abrazo de tu hermano

Ruco

P.D. No seas premioso para escribir y estudia, porque tú y yo tenemos que ganar muchos cuartos....

2

Monasterio de Samos
16- 09- 48

Sr. D. Isidoro Millán González-Pardo
Cambados

Querido Isidoro:

Tengo tus cartas del 25 del mes pasado y las del 13 de presente, con todos los papelotes que en ellas mencionas. Deslabazadamente intentaré constestarlas en lo sustancial, dejando detalles para otra más extensa.

El Ayuntamiento tiene en proyecto, para ampliar el parque, demoler la antigua iglesia de la Concepción y las casas unidas, pero eso va para largo porque se sometió el asunto a plebiscito popular y además el costo es enorme: medio millón de pesos americanos.

Tendré siempre una gran satisfacción en servirla y puede V. con toda franqueza dirigirse a mí para cualquier asunto que le interese, pues puedo asegurarle que me será fácil despacharlo en cualquier punto de la Isla:

estoy en correspondencia con Agentes de las Aguas de Amaro en todas las plazas y por ellos me es cómodo obtener lo que precise. Hago extensivo mi ofrecimiento a toda su familia.

Mis afecto a sus hijos

Su affmo. S.S. y amigo q. b. s. p.

Ramón Cabanillas

P. S.

He creído reconocer en su carta la letra de Pepito Fraga¹⁷⁸. Dígale V. que el haberme puesto una postdata no lo comprometía a invitarme para la boda y que se la tengo guardada y no le enviaré el regalo.

CARTA DE R. C. A JOSÉ MILLÁN MILLÁN

III

02- 03- 28

Cambados

Mi querido y admirado Don José¹⁷⁹:

El cinco o el seis iré a esa y mi primer visita será para Vd., de quien deseo enterarme de algunos detalles de la producción literaria de Pondal. Tengo casi todo lo que se ha escrito sobre el gran Bardo y solamente me intriga el conocer un artículo de D^a Emilia publicado en “El liberal”, de Madrid, en los primeros días siguientes al fallecimiento del poeta, en 1917: ¿lo tendrá Vd. entre sus papeles?

178 Creemos que se trata de **José González Fraga**, tan amigo de sempre de Cabanillas.

179 **José Millán Millán** (Pontevedra, 1860 – 1936). Deputado provincial. Impresor e editor de diversos xornais da Pontevedra. Foi fundador de *La Opinión* e director de *La Correspondencia Gallega*. Escribiu *Notas históricas sobre varones ilustres de Pontevedra* (1920).

Manolo Piñeiro, Cura de Padrenda, tiene mucho interés en que Vd. honre un día su mesa y desea que ese mismo día de mi entrevista me señale Vd. el día en que pueda venir.

También me sería utilísimo cobrar en esa fecha los dos últimos meses: creo que Pepe Otero, a quien manifesté mi agradecimiento por sus anteriores, no pondrá a ello reparo.

Le saluda con toda devoción su affimo. amigo
q(ue) e(strecha) s(u) m(ano)

Ramón Cabanillas

CARTAS DE R. C. A ISIDORO MILLÁN MARIÑO

IV

28- 05- 29
Madrid

HÔTEL MEUBLÉ
ADUANA, 19, 21 Y 23
TELÉFONO 15.217

—
CUARENTA Y DOS CUARTOS DE BAÑOS
[cabeceira]

Sr. D. Isidoro Millán

Querido compadre:

Por fin tengo una hora libre para poder dedicarte unas líneas. Vengo de la Academia¹⁸⁰ de redactar la primer acta de la Sección de lengua

180 A recepción de Cabanillas foi o día 26 de maio. “Te levaré más de quinientas felicitaciones para que las contestes”. Habíaas da Casa Real, de Académicos de reais academias

gallega, (bastante más sencilla y fácil que la de una sesión de ayuntamiento rural.)

La verdad: estoy encantado. Todo esto ha salido muy bien. El ambiente académico es delicioso y, aunque la gente cree otra cosa, no tiene, fuera de los actos oficiales, el menor empaque ni la menor solemnidad. Estoy asustado del aire de estudiantes y de las efusiones de camaradería de estos compañeros de sillón. Creo que caí muy bien y, sin abusar, hasta me permito hacer chistes. Como en Padrenda.

Te contaré cosas muy graciosas. Si no se tatase de mí, te diría que el éxito fue clamoroso: Zulueta¹⁸¹, el buen Don Luís, que me quiere de verdad, estaba emocionado, pero nada me ha impresionado tanto como unas palabras de Gómez de Baquero¹⁸²: “Admirable, Cabanillas, admirable”. Tú sabes que fue el primero que citó mi nombre en “El Sol” y que fue el primer firmante de mi propuesta, y se le conocía algo así como la satisfacción de haber acertado.

Pásmate. Leí el discurso bastante bien y dicen que los tres o cuatro párrafos finales los dije con emoción artística: algo de eso debió haber porque cuando terminé la ovación fue imponente. Al darme el abrazo reglamentario Menéndez Pidal¹⁸³ me dijo que no se había celebrado recepción más cordial y emotiva. El público asaltó el estrado y tuve que aguantar un buen golpe de abrazos: afortunadamente abundaban las señoras.

El telefonema de Encarnación me impresionó de verdad, lo mismo que el de Silva¹⁸⁴, padre, que me recordaron tantas cosas pasadas; pero la impresión mas fuerte la recibí al ver avanzar a Enrique Vidal¹⁸⁵: bajé preci-

coma a Española e a Galega, 200 galegos de todo o mundo das deputacións e concellos galegos, de significadas figuras de todas as tendencias da Galicia de entón.

181 **Luís de Zulueta y Escolano** (Barcelona, 1878 – Nova York, 1964). Foi ministro de Estado na República española.

182 **Eduardo Gómez de Baquero**, “Andrenio”, (Madrid, 1866 – 1929). Moi prestixioso crítico de teatro e académico.

183 **Ramón Menéndez Pidal**. Presidente entón da RAE.

184 Avogado, nacido en 1929.

185 **Enrique Vidal Oubiñas**. Fillo de Salustiano Vidal Lores. Farmacéutico e gran amigo do poeta.

pitadamente para que no tuviese que subir los cuatro escalones de la plataforma, porque sé que se fatiga, y le dí un abrazo para disimular las lágrimas. Suponte lo que yo vi en aquel momento: la botica de Don Servando en aquellos días en que, sin vanidad, ni él ni yo podíamos soñar con el presente.

El Calvosotelismo concurrió en pleno; fue un verdadero alarde, los amigos y los que están obligados. Te aseguro que no llegué a hacer una docena de invitaciones; en primer lugar porque yo no sirvo para eso y, después, porque no quería yo que pudiese decirse que llevaba a la Corporación cierta populachería. La asistencia fue espontánea y eso fue también lo que mas me satisfizo.

Los Cotarelo¹⁸⁶ estuvieron y están conmigo amabilísimos y te digo que les estoy verdaderamente agradecido por su afecto, por su amabilidad y por las consideraciones con que me distinguen. Don Emilio, el padre, que pasa por un señor un poco adusto, es una buenísima persona, que lleva admirablemente todas estas cosas académicas y tiene una erudición estupenda.

Haría muy larga esta carta si intentase contarte detalles.

El mismo día de la recepción, después de lavarme y tumbarme una hora para borrar todas las preocupaciones inevitables mientras no se sale del paso, a eso de las nueve y media salí a tomar aires: en la acera de las Calatras me encontré con Don Ramón del Valle Inclán que me abrazó, a medias claro está, y me contó cosas estupendas. Me tuvo veinte minutos sin poder abrir los labios: apenas invirtió un minuto a comentar los asuntos políticos y; para que te voy a contar. Tomé un miedo tremendo porque hablaba tan alto y en tal forma que me estaba, y lo estaba, viendo camino de la Delegación. Te reirás un rato.

En cuanto llegue ahí te daré un par de puñetazos y ade-



186 Trátase de dous académicos, pai e fillo. Este último accedera, xunto a Cabanillas, polo que se chamaba “Cupo regional”. **Emilio Cotarelo y Mori** (1857 – 1936). Tamén académico e secretario perpetuo da institución. **Armando Cotarelo Valledor** (1879 – 1950). Fora Catedrático na Universidade de Santiago.

más te llevaré los quinientos telegramas y telefonemas de felicitación que he recibido: tengo la seguridad de que hiciste o inspiraste el suelto de Faro de Vigo hablando de ello: ya los contestarás tú.

La medalla es preciosa: se la colgaremos a Ramón María¹⁸⁷ para que yo viva hasta que él pueda sustituirme.

Adiós, hasta muy pronto.

Te abraza con recuerdos a todos,

Ramón

V

05-08-34

CÍRCULO DE BELLAS ARTES
[cabeceira]

Querido Isidoro:

Lo de Soliño Pintos ha sido visto por el Pleno del Consejo en la sesión del 10 de Julio, acordándose, de acuerdo con la Sección de 1ª enseñanza, reclamar varios documentos para mayor esclarecimiento del asunto. El día 18 pasó este acuerdo a la Sección 14 del Ministerio, para cumplimiento de lo acordado, y, una vez despachado, pasará nuevamente al Consejo. Supongo que, aún contando con que la mayor parte del personal anda de veraneo, dentro unos días estará de vuelta.

En lo de Figueroa, que me parece muy bien, te mandaré el artículo necrológico, obra de Don Emilio Cotarelo y que está muy bien hecho, publicado en el Boletín de la Academia a tiempo de su fallecimiento. Con eso y con su libro “Del solar galaico”, en donde hay páginas evocadoras de

187 Evidentemente falan de **Ramón María Ignacio Millán González-Pardo**, affilado de Cabanillas.

Cambados, tienes de abondo para zurcir un discurso bonito. Yo estoy ocupadísimo y no sé si tendré tiempo para escribir más cuartillas. ¡Déjame de versos que la vida está en prosa!

Las primeras noticias sobre lo de Oca¹⁸⁸ son gravísimas. Temo que Villalobos¹⁸⁹ desista del viaje.

Estuve con Don Niceto¹⁹⁰ que está muy encariñado –hasta anhelante– con el viaje a Galicia. Merece, pero mucho, que lo recibáis con todos los honores y con todo el afecto.

Te abraza

Ramón

188 “En el histórico Pazo de Oca (A Estrada, Pontevedra), cuando lo visitaban los congresistas para el progreso de las ciencias, se hunde el piso de un salón (do 1º andar), resultando un congresista muerto y más de cuarenta heridos, algunos graves y amputados. Las autoridades del congreso, en señal de duelo, acuerdan darlo por terminado” (Dos xornais do seguinte día). Na ocasión era Ministro de Instrucción Pública y Bellas Artes, Filiberto Villalobos González (1879 – 1955).

189 **Filiberto Villalobos**. Salmantino do partido de Melquiades Álvarez.

190 **Niceto Alcalá Zamora** (1877 – 1949). Primeiro Presidente da II República Española. Na altura ostentaba a máis alta maxistratura da Nación.

CARTA DE R. C. Á SÚA FILLA AURORA

VI

REAL ACADEMIA
ESPAÑOLA
[cabeceira]

22- 02- 51
Madrid

Querida Aurora:

Recibí hace tres días una carta de Ramonita, que contesté, y hoy la tuya. La gripe, aquí, no tuvo gran importancia; los catarros, sí, y yo aún estoy tirando del que me tocó en suerte. No salgo de casa más que un par de horas al día –media a las Calatravas y una media a una tertulia de café– pero lo paso muy bien porque D. Prudencio Rovira, Isidorito y otros amigos vienen por aquí con frecuencia. El invierno es crudísimo: pasé veinte inviernos en Madrid y no recuerdo nada parecido. Lo de Joaquín me ha producido impresión: sospecho que no hay nada que hacer, porque a sus años la reforma es imposible: ese Cambados es aplastador. Hasta cierto punto, tiene razón José: lo mejor es no verlo ni de paso; mi impresión es que tardará mucho en ir por ahí.

La vida aquí es imposible: aún siendo una persona tan ordenada como soy yo, no se resiste. José tiene solicitado el piso y está en turno, pero, dada la forma en que se cumplen las disposiciones legales y los encontrados intereses que juegan en estos asuntos, calculo que hay espera para dos años. José, además, es un hombre desvinculado de todo: hace una vida personal dentro de su círculo, entre sus amigos que, afortunadamente, es gente señora y pudiente y con representación social, pero que no creo le sirva para nada práctico.

Como decía a Ramona, mi viaje a Méjico es muy probable, pero aún no puede considerarse como seguro, porque cualquier incidente internacional y aún una decisión del Gobierno puede dar al traste con el proyecto. Ramón está muy entusiasmado y me dice que ha recibido cartas de

muchos gallegos de aquella república para que les comunique el día de mi llegada.

Tan pronto se publique el libro que tengo en prensa, decidiré sobre mi estancia en Galicia que será, probablemente, el monasterio de Samos, porque en Cambados no hago nada y, además, tengo que preparar un nuevo libro para el año que viene, ya que bien o mal, los libros son los que me permiten vivir trampeando. Mi vida, como desde el primer día de mi nacimiento, está en lo imprevisto y lo desconcertante: hasta es factible que si voy a Méjico, no vuelva.

Este mi libro será un éxito para Isidorito, porque al final lleva un trabajo suyo que espero será acogido con entusiasmo y le colocará de rondón en el primer puesto de los filólogos gallegos: ayer estuvimos en la Academia en donde ya tiene toda clase de facilidades para sus estudios y, además, ya están encargados a Alemania gran parte de las obras que necesita para sus nuevos estudios: es un chico admirable y su talento, su cultura y su tesón me tienen verdaderamente sorprendido: hoy por hoy es lo más serio científicamente, en cuestiones de lenguaje, que tenemos en Galicia, pero no parará ahí y tengo por seguro que irá mucho más lejos.

Haz comprender a tus hijos que solamente el estudio y el trabajo los puede salvar en los difíciles tiempos que se avecinan: el mundo ha cambiado totalmente y solo el esfuerzo personal permitirá sostenerse a flote entre las obras de los nuevos tiempos.

Yo estoy viejísimo y soy ya un trasto inútil: me salva de ciertos dolores e inquietudes mi conformidad cristiana.

Os abraza a todos con todo cariño tu padre

Ramón

CARTA DE RAMÓN CABANILLAS A FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

VII

(SEN DATA)¹⁹¹

Sr. D. Francisco Fernández del Riego.
Vigo

Meu benquerido e admirado amigo:

De volta de Santiago atopo a sua carta do día 8. Alí vin o seu artigo pol-o que non sei como darlle as gracias, moito mais que non é a primeira vez que vostede me xuzga c-unha bondade de que me sinto moi por baixo...

Do demáis, nada: son un home sin biografía. Nacín o día 3 de Sanxuán do 1876, n-unha casa vella e probe, con patín, antre un pazo que fundou un coengo de Compostela e unha praia que fixo persoalmente Noso Señor, na viliña de Fefiñáns, oxe axugada â vila de Cambados e por aquel entón anexo da freguesía da San Adrián de Vilariño, onde fun bautismado n-unha pía sagrada pol-o abade Pedro de Celanova fai arredor de dez séculos; mal estudiéi un pouco de latín e filosofía en San Martiño Pinario; collín un barco ô tuntún e caín na Habana onde escomecéi a esborranchar copras; de volta andiven nunhas cantas segredarías de aumontos, desfaguendo entortos da picaresca municipal do rus; e, nin apouso nin repouso, vivín até o presente e espero pol-a morte. Nin que decir tén que conocín moitas xentes e vín moitas cousas, mais adivertidas que tráxicas, pero eses son contos para matar o tempo unha noite de inverno, a carón da lareira. Fume e vento.

Dos meus versiños é mellor non falar: nin foron doadamente limados nin, en bóa parte, se deben a pulo persoal sinón a suxerencias e pregos

191 Polo que podemos ler trátase dunha carta que precede ás que aparecen deseguido.

alleos: a verdade é¹⁹² que esquirbín como quen fai cestos. Tampouco me pida que siñale tídoos; ôs tres días de arrematadas non me gusta ningunha das miñas composicións: anque lle pareza cousa de fachenda, xúrolle que é rotundamente así. Estóu ô cabo da rúa: dos eloxios, algúns débense a boa amizade, os mais foi cousa forzada pol-o noso movemento galeguista: teña presente que nos comenzos da miña laboura atopábame cáseque soio na trincheira poética combatente e como había que alporizar xente representativa loubáronme sin ton nin son e cangáronme a cruz do ridículo “poeta da raza”. Imos a deixalo, porque âs veces sinto fortemente a tentazón de esquirbir un traballo crítico poñéndome com-os farrapos de unha gaita.

¿A miña maneira de ver a poesía en xeral e a galega en particular? Nin a poría razoar a xeito nin me parece publicabre. Dende logo, coido que abondaría dar ô prelo o dez por cento do que se publica, salvando todo o que fai ó folklore, que é o único que ten verdadeiro valor porque é o vaso conservador das esencias, e todo o que cai dentro do aro da fala, canteira sen esgoto, esprito da Galicia inmorredoira.

Da publicación da miña obra soio pododo decirlle que Álvaro Xil me falou d-elo en Madrí e me dou azo para pedirlle a Otero Pedrayo que a prologase. Coido que a cousa, si chega a remate, vai pra lonxe. Dínme que un xornal de oxe falan de que estiven en Santiago con ese motivo: non é verdade. En Santiago non falei do caso con ninguén. A publicación da miña obra total non é choio que me satisfaga: dos poetas bós, e este non é o caso, non quedan mais de catro ou cinco composicións. Xa n-un delirio de vanidade, de acordo con uns cantos amigos, eu faría unha escolleita d-unha ducia. Mais, como parece que son moitos os que lle queren dar máis largueza, nin vou nin veño. Si hai editor, farei o que lle pareza.

Abonda de lata. Si nos vemos en Vigo...

Ramón Cabanillas

“No desterro”	1913	Habana
“Vento mareiro”	1915	Habana
“Da terra asoballada”	1917	Cibdá de Arousa

192 No orixinal, *es*.

“A man da Santiña	1921	Mondariz
“O Bendito San Amaro”	1925	Mondariz
“A Rosa de Cen Follas”	1927	Mondariz

En xuntanza con A. Vilar Ponte

“O Mariscal” 1926 Cruña

Vento Mareiro foi reeditado en Madrid en 1921- *No Desterro e Da terra asoballada* en Cruña en 1926. *O Mariscal* en Cruña en 1932.

As reedicións, salvo *O Mariscal*, non se axustan á primeira.

CARTA DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO A RAMÓN CABANILLAS

VIII

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

PROGRESO, 29

ABOGADO

TELÉFONO 1815

[cabeceira]

17- 08- 48

Vigo

Sr. D. Ramón Cabanillas

Cambados

Meu distinto e querido amigo:

Recibín a súa carta, tan amabel e tan eispresiva. Muitas gracias por todo canto n-ila manifesta. Deica certo punto xustifico a súa modestia, pero que lle non queipa a menor dúbida de que vostede deixa unha obra poética que enxamáis lle poderemos agradecer dabondo os bôs galegos. Xa non tan-

to pol-a fonda leición de galeguidade que n-ila adprendimos, coma pol-os puros valores líricos que traduz. Cecáis lle non falta razón cando se refire ao desorbitamento que da sua laboura se ten feito, por motivos alleos â poesía. Pero o certo é, que por riba de paixóns, dende un prano obxectivo, a obra poética de Cabanillas ficará pra todol-os futuros. Ao facer ista afirmación, básome n-unha posición crítica, desentendida de calisquera simpatía ou antipatía. Por iso, pesie â súa opinión en contrario, coido unha necesidade vital a reimpresión das súas obras compretas.

Agradézolle as informacións que me dá, atendendo â miña solicitude. Non embargantes, permítome insistirle de novo pra que me remese unha cuartilla, na que manifeste o seu punto de vista encol da poesía en xêral, e da galega en particular. No mesmo senso dirixirme a todol-os poetas actuais, e amolaríame que vostede se inhibise en custión tan intresante. Con respecto aos poetas mortos, teimo compôr o seu criterio, fundándome en datos recollidos dos escritos en prosa, e dos versos.

A miña idea é facer unha Antoloxía semellante â de Onís¹⁹³, e máis aínda, â de Gerardo Diego. Álvaro de las Casas publicóu o ano 39, en Bós Aires, unha Antoloxía de poetas galegos muito máis compreta que a que editara anteriormente. Pero de todol-os xeitos trátase d-unha cousa anárquica, feita â boa de Deus, sin senso selectivo, nin sistemática de ningún tipo.

Estímolle a nota que me adxunta, das edicións dos seus libros. Mais debo de lle decir que son, quizaves, un dos poucos que ten no seu poder as primitivas edicións de total-as suas obras.

Agardo que atenda miña súprica, e que me enviará a cuartilla solicitada. Cando veña por Vigo non deixe de me avisar, pois sentirei unha enorme satisfacción ao poder falar con vostede.

Reciba unha forte aperta do seu sempre admirador e amigo.

Fernández del Riego¹⁹⁴

193 **Federico de Onís** (Salamanca, 1885 – Puerto Rico, 1966). Escritor e crítico literario, publicou en 1934 a *Antología de la poesía española e hispanoamericana (1892-1932)*.

194 Sinatura autógrafa.

CARTA DE RAMÓN CABANILLAS A FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

IX

30- 08- 48
Mosteiro de Samos

Sr. Francisco Fernández del Riego.
Progreso 29, Vigo.

Benquerido e admirado amigo:

Alcanzoume a súa garimosa carta cando saía de Cambados rumbo â Cruña. D-alí caín n-este mosteiro do que dixo o P. Feixóo que “solo es visto de las estrellas cuando las logra verticales”. Canso e con cativo azo, o silencio d-estes craustros soedosos feitos para ecoar os salmos do David penitente, e a beleza d-este paisaxe no que as pedras, as arboredas e o río, ô alcance da man, teñen antergos prestixios e voces benedictinas, coido que me farán ben: e como quen está metido na casca d-un ovo, con un buratiño que soio consinte ver o camiño de Sant Iago, d-ese Sant Iago de por vir con que soñamos os galegos.

Non quixera dar de man, en honra obrigada ô seu novo inquerimento, â sua pergunta que fai â galega, mais abrangue tal radio ese circo que deixa as portas abertas para que cada un saia pol-a que poida, e elo me da folgo pra botar o peito adiante e meterme na devesa. Vostede verá si d-estas liñas pode arrincar as que misturen o meu pensamento tan deslabazado como incompetente.

Nos meus anos mozos, seminarista nugalleiro, co-a cabeza ós paxaros, cando tragía nas mans decotio os autores latinos, a miña devoción pol-os poetas estaba somentes un degrau mais abaixo da dos santos¹⁹⁵. Horacio que c-o seu sublimi feriam sidera vertice e o fachendoso Exegi monumentum

195 Dende aquí até o final, Cabanillas parece seguir as notas que lle preparou *ad hoc* Isidoro Millán para contestar o inquérito que lle pediu Del Riego.

aere perennius tense por irmán dos semideuses; Virxilio, un anaco mais apoucado, que no fortunate ambo dempois de cantar as fazañas e a morte heroicas de Nino e Envialo, concédelles a inmortalidade xunguida e con-dizoada â vida dos seus exámetros, e Ovidio e-o seu delirante Est deus in nobis, eran para min todo o que había no mundo de subrime e grorioso.

Marcial trúxome a primeira ninguedade(*sic*) mesturando c-o urbicus poeta, no epigrama XLI do libro I, un cambalacheiro do Transtiber, un taberneiro de mala morte e un sinvergoña mestre de bailes de Cais¹⁹⁶. Dem-pois tomeille xenreira a Augusto cando soupen que, c-unha falla de respeto imperdoabre n-un César, decía do vate de Verona¹⁹⁷ que pol-o pequeneiro e gordecho parecía un barriliño. Mais o que me fixo sangue foi o diviño Plá-ton: un home que tivo de neno un enxame de abellas nos beizos, que enchéu toda a súa obra inmorredoirá de mitos, alegorías e metáforas, que xuzgou a Homero como mestre e guía da Grecia, non tiña dereito a decir, como dixo, que os poetas había que coraalos de loureiros sagros ante as loubanzas cramorosas do pobo, levalos en trunfo até os lindeiros da República e ... ¡botalos fóra!

Funme dando conta de que hai mais que berzas na ola. Con todo, creio, creio con Goethe –¡perdón pola irreverencia que supón a cita nos meu beizos!– que o poeta e quen encende o resprandor da aurora nas trebas da mente, quen sostén o Olimpo, que fai surdir a harmonía e ten encadeado o mundo no seu corazón.

196 Por Cádiz.

197 **Horacio**.

CARTAS DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO A RAMÓN CABANILLAS

X

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
PROGRESO, 12
ABOGADO
TELÉFO. 3770
[cabeceira]

25- 04- 51
Vigo

Sr. D. Ramón Cabanillas
Madri

Meu querido e admirado amigo:

Recibín a súa carta, tan intresante, e doume presa en lle respostar. Tamén me chegaron os corenta exemplares da “Antífona da Cantiga” e a carta remesada por Ben-Cho-S[h]ey. O libro está mui ben presentado, con gran dignidade, e daralle manífico prestixio a “Galaxia” na súa primeira saída editorial. Asimade é importantísimo o comento filolóxico de Millán. E craro, dun xeito mui particular, vostede, Álvaro, Ben-Cho-S[h]ey, e Millán, a quenes hai que lle atribuir o trunfo que a edición acadará.

Penso coma vostede, que a incorporación de Millán á nosa laboura de cultura, é dun gran valor. O comento que fixo ó libro e o proieuto pra o gran Diccionario Galego, revelan a presenza dun fino e valioso esprito mozo, que estamos na obriga de coidar e alentar. É, certamente, o problema do Diccionario, un fundamental problema que cómpre resolver. As orientacións que vostede me acompaña constituíen unha base esencialísima pra a cometer a empresa. N-iste sentido vou a escribir a Bos Aires, resaltando o que a obra sinificará. Coido que podería mui ben coallar en positiva realidade. Cecáis sexa preciso agardar primeiro as opinións que solicitaremos, denantes

de imprimir a nota que me adxunta. Entendo, tamén, oportunísima a idea de nos axuntar pra acordar un plan eficiente de unificación ortográfica. Pra o vrán xa poderemos ter trocado impresiós, e redautar un proieuto que sirva da base de discusión. Igualmente, pra entón é probable que teñamos recibido resposta de Bós Aires, sobre da custión do Dicionario.

Cómpre, pois, que istes dous puntos fundamentás pra o porvir da cultura galega: Dicionario e unificación ortográfica, sexan puntos que resolvamos definitivamente, na xuntanza que vostede tan certeiramente suxi-re. Ahí en Madrí poden concretar os posibles puntos de vista, i eiquí, pol-a nosa parte, faremos outro tanto. Así, cando vostede veña a Galicia na época estival, poderemos levar a cabo tan importante tarefa.

Supoño que Ben-Cho-Sey terá recibido os cinco exemplares de “Presencia de Galicia”¹⁹⁸, pra presentar na censura. A pena é que o Caderno fora impreso nun papel tan ruín. Non embargantes, presumo que se salva pol-o contido e a baratura. Téñennos que decir –dígallo a BenChoSey– cantos exemplares hemos de remesar ahí, aparte dos que se manden pra os suscritores.

Agora está na imprenta a “Historia da Literatura Galega”¹⁹⁹. Coido que n-iste mes e na metade do que ven, se rematará. A serie de reediciós de clásicos, emprenciarémola co “Onomástico” do P. Sarmiento. Sei que Ben-Cho-Sey ten ahí dúas copias suas. Podería xa presentalas á censura, i eu mandaríalle a copia que mandou pra Piñeiro.

Coido que imos andando, e que chegaremos a facer algo de proveito.

Adxúntolle unha glosa publicada en “La Noche” sobre o seu libro fai varios días, por si non-a léu. Hoxe mando ó mesmo xornal un comentario sobre “Estados de Monterrey”.

E nada máis pol-o momento. Lembranzas a todol-os amigos, e unha forte aperta pra vostede do seu sempre bó amigo e admirador.

Fernández del Riego²⁰⁰

198 Da Editorial Galaxia, Vigo, 1951.

199 De Francisco Fernández del Riego, Galaxia, Vigo, 1951.

200 Sinatura autógrafa.

XI

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
PROGRESO, 12
ABOGADO
TELF. 3770
[cabeceira]

24- 05- 52
Vigo

Sr. D. Ramón Cabanillas
Madri

Meu querido e admirado amigo:

Recibín a súa carta co traballo de Millán. Iste gostoume moito, pois dá a nota centífica e ouxetiva que compría no conxunto das colaboracións. Trátase dun enfoque craro, prantexado nunha prosa axeitada i espresiva. Coído que en Millán temos a un verdadeiro centífico que poderá rendir moito no noso futuro filolóxico. Emporiso eu teño grande interés en que vaian conocendo a súa persoalidade inteleitoal por ahí en diante.

Cómpre que me manden canto antes as fotos –a súa e a dñl– pois os orixinás xa saíron pra o seu destiño e comprometinme a remesar as fotos decontado.

E nada máis pol-o momento. Reciba a cordial aperta de sempre de

Fernández del Riego²⁰¹

201 Sinatura autógrafa.

CARTAS DE RAMÓN PIÑEIRO A RAMÓN CABANILLAS

XII

08- 01- 51

Santiago

Meu querido D. Ramón:

Recibín a súa carta e máis o suxestivo plan de estudos filolóxicos que concebíu o Millán. Nada me sorprenden as opinións, tan abertamente gabanciosas, de Menéndez Pidal e García de Diego. O plan é merecente da axuda afervoadada de cantos sentimentos amor ás nosas cousas, pois ningunha hai que seña tan intimamente nosa como é a fala. N-ila é onde está verdadeiramente viva a i-alma de Galicia. Por iso mesmo, ista nova tentativa do novo filólogo máis mozo, tan chea de amor e de asisada sabencia, non debe de correr o risco do fracaso, non podemos deixala fracasar. Compre poñer todo o tino e toda a firmeza que señan necesarias pra levar adiante a empresa, que é mesmamente unha das grandes empresas da nova xeneración galega. Fai dous días xuntámonos eiquí uns cantos –Otero, Riego, Illa, Viñas e mais eu– e tratamos do asunto. Todos, sin reserva algunha, atopamos moi oportuno o plan que propón o Millán. Eu propuxen, e así se acordou, un breve aprazamento de toda iniciativa publicitaria ou propagandística. Vostede xa sabe que iste asunto ten antre nós antecedentes penosos de fracasos e de intrigas. N-iste caso non debemos de nos espór a nada semellante. Necesitamos, denantes de lle dar resoancia á idea, ter resoltas practicamente total-as dificultás que se podan orixinar.

Soio será intre oportuno pra escomenzar unha propaganda intensa dentro e fóra de Galicia, cando teñamos concretada na realidade a orgaización da empresa. Cando comencemos a gran campaña en percura da axuda económica xa debemos de ter a garantía de que ningunha entidade lle vai a pór dificultás. Coidamos que se poderá conquistar i-estamos rexamente dispostos a percuralo. Por ista razón, agardamos celebrar iste vran unha xuntanza en Cambados con vostede e co Millán na que concretaremos o plan a seguir. De Cambados ten que saír unha gran Cruzada espritoal en favor da nosa língua.

Vostede e máis o Millán serán a raíz d-iste movemente que ha de estenderse por toda Galicia. Lendo os seus “Comentos” da “Antífona” e lendo o seu programa pra o estudo filolóxico do galego adivíñase craramente un espírito sutil e afervoadado do que se poden agardar grandes cousas. Necesitábamos ise home. O demáis, entre todos, mal será que non-o cheguemos a conquistar.

Unha aperta moi forte do seu amigo

Ramón Piñeiro

Saudos garimosos a Millán.

XIII

29- 04- 51

Santiago

Meu querido D. Ramón:

Fai tres días que teño no meu poder a “Antífona da Cantiga”, que me produxo unha inmensa ledicia porque marca o nacemento de “Galaxia”. Góstame moito, pol-a súa riqueza e vivacidade, a prosa do prólogo, que é, xunto co-a de Castelao, a máis nidia prosa galega que se ten publicado. Produxéronme grande impresión os “Comentos Filolóxicos”, que nos descubren un novo e positivo valor para a nosa cultura. En Millán temos xa o gran filólogo que Galicia necesitaba. Confésolle que lin con viva emoción o vocabulario, pois n-algúns dos breves e sotís comentarios que veñen ó final de algunhas glosas xa se percibe toda a valía do autor. Teñen ademáis, unha dobre cualidade merecente da meirande estimanza: un rigor científico que se botaba de menos n-ista cras de traballos e unha fermosa i-enxebre sintaxis galega. Eu teño bastante material lexicográfico recolleito en terras luguesas que me folgarei moito de llo ofrecer a Millán, pois entendo que todos debemos colaborar co-a laboura que il faga facilitándolle toda cras de axudas.

Por certo que eu propuxen a “Galaxia” a seguinte iniciativa: pénsase na inmediata publicación do “Onomástico”, do P. Sarmiento. Paréceme que

sería moi comenente facer unha edición ben feita, como a obra i-o autor merecen. Ninguén millor que o propio Millán pra preparar a edición, que lle podía facer un prólogo e as notas que coidase comenentes. Así publicaríamos a obra de un filólogo noso do século XVIII comentada por un filólogo novo do século XX.

Sería a maneira de reparar a inxusticia do esquecemento que pesa riba do gran Sarmiento. ¿Que lles parece a vostedes os do Consello Asesor? Si lles parece ben, vostede mesmo podía facer a xestión co Millán. Estou seguro que il axudará a reparar unha inxusticia que il mesmo condena atinadamente no comento que lle fai á palabra “caritar”.

Supoño que axiña o verei a vostede por eiquí. Temos moito de que parolar. As cousas van ben.

Moitos saúdos a todos e unha aperta moi forte pra vostede do seu amigo.

Ramón Piñeiro

CARTAS DE RAMÓN PIÑEIRO A ISIDORO MILLÁN

[As que máis se achegan ó fío condutor do epistolario xeral que nos ocupa. Para ter información completa débese consultar *Cadernos Ramón Piñeiro XII. Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971)*]

XIV

22- 04- 52
Santiago

Meu querido amigo:

Recibín a túa xenerosa carta na que me comunicabas o desistimento da túa viaxe á terra na ocasión da Semáa Santa e as tuas impresiós sobre o “Grial” e sobre algunhas cousas máis.

Como xa resta pouco do curso, teremos ocasión de nos ver e de falar longamente cando veñas dentro de un par de meses, pois quérote informar con todo detalle do estado e das posibilidades da empresa idiomática que arelamos acometer.

Sendo como ti eres un home de xuício esencialmente ponderado, as gabanzas que fas do “meu” idioma non deixan de me causar ledicia. Confésosche que cando escribín a “Carta a Cunqueiro” tan soio me propuxen intentar unha prosa de sabor verdadeiramente galego, pois estou convencido de que, despois de teren conquerido os nosos poetas o prestixio do idioma como língoa poética e lírica, cómpre agora acordarlle o mesmo prestixio como língoa apta pra a prosa literaria. Entre todos nós ben podemos ganar isa batalla ;non cho parece?

Sintín ben que o Paco del Riego non tivese oportunidade de falar contigo istes días pasados cando estivo en Madrid. De todol-os xeitos, escribirache decontado pra che pedir un traballo sobre o idioma pra ser publicado no nº extraordinario de “GALICIA” (a revista do Centro Gallego de B. Aires) que queren adicar ó idioma n-iste próisimo Día de Galicia. Parece ser que se publicarán cinco traballos a cárrego dos seguintes autores: Rodríguez Lapa, Isidoro Millán González-Pardo, Ramón Cabanillas, R. Carballo Calero e R. Piñeiro. Pagarán algúns pesos pol-o traballo (coido que uns 300) e ademais servirá de base pra unha intensa laboura a prol da nosa língoa que cómpre desenrolar por alá.

Istes días estivo por eiquí o Prof. Piel. Non tiven ocasión de falar co-íl, inda que me aseguraron que voltará axiña a Santiago e n-ise caso faréi pol-o ver.

Unha forte aperta do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

XV

11- 09- 52
Santiago

Sr. D. Isidoro Millán
Madrid.

Querido Isidoro:

Envioume D. Ramón o teu ben meditado e crarísimo informe, que estimo será de grande utilidade para o desenrolo das xestións iniciadas.

Si ves a Galicia agora no inverno, no deixes de me avisar. Teño o meirande intrés en te informar persoalmente de cómo están as cousas e das posibilidades concretas que temos para a realización da empresa, pois haber hainas, inda que non é cousa de as dar xa por seguras porque iso non sería asinado. Como sabes, eu son bastante realista e non me deixo impresioar doadamente por puras aparencias.

O conxunto do teu informe coido que prantexa o problema en termos moi centrales. Pode ser, ó meu ver, un excelente punto de partida no enfoque das cousas. Si che hei de decir a verdade, a única cousa que me semella sin xustificación é mesmamente a incrusión do meu nome, pois nin por autoridade nin por preparación pode resultar eficaz a miña presenza. Trátase de unha empresa á que eu somentes podoo aportar entusiasmo.

En fin, querido Isidoro, ista é unha cousa que temos que levar adiante. Cando veñas xa falaremos.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

XVI

11- 07- 53
Santiago

Querido Isidoro:

Temo que xa non esteñas en Madrid, nin xiquera en España porque na túa carta do día 4 anunciábasme a partida inminente pra Alemaña. Como eu estiven uns días fora, hastra onte non-a recibín.

Levei unha grande alegría co-a tua carta, pois nela fas unhas cantas suxerencias moi interesantes pra nós. Tamén me alegrei moito de que nos enviaras os titulares do “Onomástico”, pois temos mentes de o editar axiña. Coido que non haberá nada que lle modificar.

Como na Alemaña vas a botar varios meses, cando teñas morriña non deixes de nos poñer unhas letras. Enviarémosche noticias da Terra e algún libro de “Galaxia”, que aló faranche boa compañía.

Unha aperta forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

XVII

26- 03- 54
Compostela

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta e mail-as notas adxuntas. Dende logo, completamente de acordo con canto me dís e moi contento da posibilidade de que tí poñas man no asunto. O libro non irá á imprenta mentras tí non veñas a Galicia e o consideres “listo” pra ser impreso. Temos todos –i-eu de maneira moi especial– un vivo interés en que ista edición salira, de algunha maneira, unida ó teu nome. O amigo Piel tivo a feliz iniciativa de te comprometer

velis nolis. Nós temos o meirande interés en non danar o teu prestixio “profesional”. Todo o contrario. Moito nos gustaría que tí poideras presentar esta edición de Sarmiento como un “mérito”. Conta co noso millor desexo e, dende logo, co-a aceptación das suxerencias que che se ocorran en beneficio da edición, pois Sarmiento ben o merece todo.

Dende logo, conta con varios exempreas da nova edición. Xa falaremos persoalmente de todo iso.

O que eu quixera, inda que seña pregándochos, é que no prólogo figurase o teu nome. Como eu non conozo o prólogo de Piel, pois eu díxenlle que o enviase directamente á editorial pra ganar tempo e así o fixo, non sei si a mención diste fai innecesario que se sinale a túa intervención por decilo il expresa e craramente. Na “nota de editorial” –cuias modificacións son moi atinadas e oportunas– non aparece mencionado, i-eu na redición orixinal da “nota” había posto o teu nome ó falar das indicacións marxinales.

De acordo en que non debe ir o prólogo de Lago. Mira, en definitiva, o que faremos será dispoñer a edición entre tú e máis eu, ben seña xuntándonos en Pontevedra ben seña en Santiago.

O que convén e que o trámite da censura se resolva inantes de que tí veñas pra logo non ter que agardar pol-a autorización

Mádoche por correo unha separata dun novo ensaio sobre a saudade que publiquei fai pouco. Tiña eiquí o exemplar destinado pra tí e non cho mandara por desconocer as túas señas. Non é, naturalmente, pra que interrumpas a lectura de Aristófanes, que será máis amena de contido e máis urxente sobre todo.

Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón Piñeiro

XVIII

31- 03- 54
Compostela

Querido Isidoro:

Recibín a tua segunda carta mail-as notas pra o “Onomástico”. Agardo que tamén ti terás recibido unha miña. Entre os dous temos que facer que a edición seña dina do bó Sarmiento.

Moi asisadas as tuas consideracións sobre a importancia fundamental da fala fronte a total-as virguerías estilístico-eruditas que a xente anda a facer. Totalmente de acordo. Confío en che poder demostrar cando veñas pol-a terra a efectividade desta coincidencia cos teus puntos de vista.

Que teñas, como agardo, pleno e rotundo éxito de licenciatura. Non deixes de me anunciar o teu regreso a Galicia.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

XIX

8- 11- 54
Compostela

Meu querido amigo Millán:

Recibín a tua carta. As razóns que me dis de demora na preparación do “Onomástico” son absolutamente convincentes. Estou ben seguro de que honraremos millor a Sarmiento facendo as cousas ben que facéndoas a presa. As grantías que ti queres tomar pra acceder a meirande fidelidade no texto débémolas suscribir todos. Pol-o tanto, no tocante a ista edición nós queremos facer as cousas como tí dispoñas.

Dende logo, o problema de facilitáremosche un mecanógrafo idóneo ahí en Madrid non é doado pra nós. O ideal sería que o texto viñera

disposto directamente das tuas mans, porque iso evitaría que tiveras tí que correxir as probas dispois. De acordo co “teu” texto, nós mesmos as podíamos correxir con todo coidado, inda que che se enviase a tí unha vez correxidas pra efecto de supervisión. Ora: como ise traballo mecánico non debe de entrar dentro do concepto de colaboración técnica, que é a que tí tan xenerosamente nos prestas, eu penso que debería de compensárseche do xeito máis oportuno, por exemplo regalándoches algunhas obras importantes da túa especialidade. Distes xeito non che pagamos o teu traballo material, naturalmente, pro quedáche pol-o menos como testemuño do noso agradecemento. Eu quixera que me dixeses cal é a obra que máis che interesa adequirir. Será unha proba de amizade e de confianza que moito che agradecei, ben entendido que nunca terá carácter de petición tua senon de suxerencia miña, xa que isa é a pura verdade.

A idea que apuntas de ir facendo envíos parciais do texto pra ganar tempo é moi atinada.

Faremos a revisión que nos indicas das listas, de nomes xeográficos tomando como base o Madoz e o Nomenclator.

Fixen os primeiros pescudamentos sobre o inquerito lexicográfico que me enviaches. Agardo aínda algúns datos máis. Dentro de poucos días mandareichos todos. Xa che anticipo que todas as voces dadas por Sarmiento que figuran no teu inquerito, siguen aínda en uso.

Moi interesantes as noticias e suxerencias que me comunicas sobre as “Coplas y frases gallegas...”. Pol-a miña banda, apresúrome a te informar do seguinte: nós temos o proeiro de publicar isa obra de Sarmiento dispois do “Onomástico” e temos no noso poder o manuscrito orixinal –autógrafo– do P. Sarmiento. Encarregamos a Ferro de o transcribir. O feito de que o Pensado se dispoña a facer o mesmo sobre unha copia é cousa moi interesante, inda que eu coido que sería leal advertilo de que se está preparando a edición tomando por base o manuscrito orixinal. Tí fai libremente o uso que che pareza da información que che facilito. Dende logo, supoño que ise infolio de “Coplas y frases gallegas...” é o que está composto con cento e pico de coplas gallegas compostas por Sarmiento pra utilizar as voces que recolleu en Pontevedra e firmadas co pseudónimo de Tío Marcos da Portela, ás que acompaña de centos de notas eruditas. Si é ise, nós temos o manuscrito orixinal.

Pol-a miña parte, a noticia de que Pensado traballa en cousas novas alégame moito. Teño a esperanza de que aínda publicaremos algunha obra dil en “Galaxia”.

Axiña che enviarei ises datos que me pedías.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

XX

18- 11- 54
Compostela

Querido Isidoro:

Acabo de ler no xornal compostelán “La Noche” a gratísima nova de que che outorgaron o “Premio extraordinario da licenciatura”. Levei unha grande e sincera alegría, non porque, niste caso, teño a íntima sensación de que o teu trunfo atínguenos un pouco a todos nós, mesmo coma si se tratase de un trunfo da cultura galega. Ista miña espranzada ilusión ha de se confirmar plenamente o día –¡Díol-o faga cercán!– en que nos axuntemos todol-os devotos das letras galegas, en Pontevedra ou en Compostela, pra celebráremos arredor de tí a saída de unha fermosa edición galega de Platón ¿non sí?

Aproveito a ocasión de te felicitar de todo corazón pra che enviar os datos lexicográficos que me pediras. Aínda serán completados. Pol-o de agora mándoche o que xa teño no meu poder.

Agardo que me contestarás con toda libertade e franqueza á carta que che escribín fai días.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo.

Ramón Piñeiro

Meu querido amigo:

Fai tres días, con motivo de acompañar a Rof Carballo non seu viaxe de Santiago a Vigo, tiven ocasión de falar persoalmente con Paco del Riego. De acordo co que tiñamos falado na casa do ben-Cho-Sey, pergunteille qué sabía do tocante ó abono de dereitos a Cabanillas pol-a edición das súas obras. Díxome que nada lle tiñan falado de tal asunto, máis que il tiña mentes de prantexalo cando lles envíe os orixinás preparados. Pénsalles decir que íl renuncia moi gostosamente a toda cras de honorarios pol-o traballo de percurar, ordear, copiar e dispoñer a edición das obras, pro, en cambio, pide que se lle abone a Cabanillas unha cantidade axeitada pol-a edición. Como queira que del Riego é o representante oficial do Centro Galego i-é, ademáis, o encargado de xestionar istas edicións, supoño que a súa recomendación será máis valedeira que calquera outra que se poidese facer.

Como xa che diría Cabanillas, Álvaro prometeu, sin dificultade, facilitarche a máquina de escribir. Confío en que tal promesa fose verificada xa.

A gran antoloxía “Rosalía–Pondal–Curros”, na que, como sabes, Cabanillas fixo a escolma e mail-o prólogo do Curros, xa está editada. Sin duda trátase do libro millor editado de toda a literatura galega. Certo que o conxunto dos tres poetas ben merecían a honra de seren presentados con todo o requintado arte da máis outa bibliofilia europea. A ver cando podemos editar así unha tradución galega da Odisea feita por tí.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

P.D. Non deixes de lle dar lembranzas miñas a Cabanillas. Vale.

Sr. D. Isidoro Millán
Madrid

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta. Pouco dispois, unha doenza gripal obrigoume a gardar cama unha dúcea de días. A “Obra Completa” do gran Cabanillas xa está preparada, dispois de unha coidadosa revisión das distintas edicións de cada obra. Somentes falta copiar o “Poema de Samos”, que inda non se puido copiar porque Portela non-o entregou. O estudo idiomático faino, ó cabo, o poeta Iglesia Alvariño. Leva xa tempo traballando no estudo do idioma nos distintos poetas galegos, así que o material xa o tiña, en realidade, preparado.

Moito me desagradou o que me dis da máquina “prometida”. Coido que sería totalmente improcedente insistir na mesma xestión. O único que cabe facer é alugar unha i-esquencerse do “ofrecemento”. Si non-o fixeches aínda, non agardes máis.

Como che tiña anunciado na miña anterior, a xestión en América farase de total acordo cos teus desexos agora ó enviar os orixinás.

Onte lín nos xornás a noticia da creación de unha “Cátedra Rosalía de Castro” ahí na Central. Xa te podes maxinar a miña sorpresa. Non sei cal será o segredo da súa xestión nin cales os plans para a poñer en marcha. Ti, como estás dentro da casa, saberalo millor.

Hoxe marchou o coengo Ferro Couselo para Braga a un “Congreso de Filosofía Portuguesa” que orgaizou a Facultade Pontificia de aquila cidade. Tiñan moito interés en que concurrise xente de Galicia. Tamén me convidaron a min, máis como non podía asistir limíteime a lles enviar un traballo.

Dille a Cabanillas que o seu exemplar de colaborador da antoloxía “Rosalía–Pondal–Curros”, que se acaba de editar en París con todol-os requintes da máis outa bibliofilia europea, quixéronllo enviar por correo certificado e non lle diren curso en Correos por teren orden da aduana española

de non cursar ningún libro “editado en castelán ou demais linguas hispánicas”. Mandaranllo por man en canto teñan ocasión.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

XXIII

24- 11- 59
Compostela

Benquerido Isidoro:

Sei que estiveches eiquí cadrando con unha breve ausencia miña. Sentín ben non te ver.

Entre as cousas que tiña pra che decir hai unha relativa ás decraracións pubricadas polo mercedario de Poyo sobre o orixinal do “Onomástico”. Polo visto ise bó frade está totalmente desorientado. Tanto Ferro Couselo como Xosé María Álvarez Blázquez, que conocen manuscritos de Sarmiento –e incluso teñen algúns no seu poder– negan redondamente que o manuscrito reproducido polo A.B.C. seña autógrafo de Sarmiento. Tanto Ferro como Álvarez Blázquez móstranse completamente categóricos, sendo os seus xuícios completamente independentes entre sí. Trátase dunha espontánea e plena coincidencia. Tanto un coma outro coidan que se trata dun apógrafo da época, pro nunca do manuscrito orixinal. Non tería nada de particular que se tratase da mesma copia que manexou Lago González e que logo fose parar a poder de Rey Soto, quen, coa súa infinita vaidade, asegurarlle ó inesperto frade que se trataba do manuscrito orixinal.

Por fin fóisenos o gran Cabanillas. Os teus, que estaban alí, xa te serán informado compridamente do enterro que tivo. Na Universidade preparan un aito en honra súa. Tamén preparan outro a Real Academia Gallega.

Eiquí están ensaiando a “Antígona” de Anouilh²⁰², traducida ó galego, pra representárena en xaneiro.

202 **Jean Anouilh** (Burdeos, 1919 – Lausanne, 1987). Escritor francés. *Antígona* (1942) foi unha das súas obras máis celebradas.

Nistes días sairá un libro de poemas de Ernesto Guerra da Cal, que é, como sabes, o catedrático de Filoloxía Románica de New York University. O anterior que saíu, que foi o de Pimentel, coído que che gustaría.
Unha aperta moi forte do teu amigo.

Ramón Piñeiro

CARTAS ENTRE ISIDORO MILLÁN E FILGUEIRA VALVERDE

XXIV

06- 04- 51
Madrid

Sr. D. José Filgueira Valverde
PONTEVEDRA

Admirado maestro y amigo:

Puede suponer la gratitud con que leí y correspondo a su carta del 2. Mejor que nadie conozco y reconozco mis ningunos méritos. Razón sobrada para que agradezca doblemente la confianza de Vd. en mí deposita. Sinceramente: no sé si sabré corresponder a ella.

Le expondré mis pensamientos y mis dudas. Ante todo, vaya por delante lo relativo al glosario de “Antífona da Cantiga”, trabajo que a Vd. alude incidentalmente. Permítame que me cure en salud. Como Vd. sabe, salió la idea de la misma Editorial y la amistad y la audacia a medias me llevaron a mí, por encargo de Ramón, a embarcarme en esa tarea, ajena en gran parte a mis conocimientos. En consecuencia, no me llega ahora la camisa al cuerpo. No es que tema que se revelen a los ojos de todos los mil errores y defectos de aquel trabajo, pero sí el juicio que pueden formular los de pleno y docto criterio que, por ventura, desconocerán las circunstancias en que se hizo y el carácter que le intentamos dar, lanzándolo como un pregón de llamada, aún a sabiendas de sus positivas imperfecciones.

Y es que –entro con esto en el tema de su carta–, personalmente no había pensado nunca en dedicarme a lenguas románicas. Mi aspiración era, rematados los Comunes, la de engolfarme en griego, latín y sánscrito. Realmente, no sé nada aún de tales materias, pero para ellas no me faltan aceptables cimientos y afición. La carta de Vd. y otras insinuaciones que se me hacen, me llevan a pensar en nuestra lengua gallega. ¿No será algo egoísta orientar hacia ese campo las modestas facultades de uno mientras, como Vd. muy bien dice, el estudio filológico de lo gallego está en franca crisis?– Como aún non inicié especialidad, he de pensarlo muy bien. De todos modos, me parece que una buena base grecolatina e indoeuropea no entorpecería la dedicación romanística posterior. Pero, por otra parte, las limitadas facultades de uno exigen desde un principio cauce y rigor. Ahí tiene Vd. un ligero diagrama de mis vacilaciones.

